



Análise comparada do entorno administrativo

A análise do entorno administrativo vai estar dividida en cinco grandes bloques: na primeira parte estudarase o entorno xurídico; de seguido, abordarase a descrición da política de incentivos; o apartado continúa cunha completa ollada á nova oficina de tramitación única de industrias (OTU); ademais, faise referencia ós custos administrativos da actividade emprendedora e o estudio remata cunha guía práctica para a creación de empresas.

3.1.- ENTORNO XURÍDICO

A elección da forma xurídica é un dos primeiros pasos a dar dentro do proceso de creación dunha empresa; pero antes de analiza-la variada oferta xurídica existente neste punto é necesario deterse nun punto crucial antes de optar por unha forma xurídica concreta: ¿Qué factores determinan a elección da forma xurídica da empresa?

Poden sinalarse os seguintes:

- *Tipo de actividade a exercer:* A actividade que vai desenvolver unha empresa pode condiciona-la dita elección. Incluso o sector no que se ubique a dita actividade pode obrigir a unha determinada forma xurídica por imposición legal: sectores como a banca, seguros, axencias de viaxe e outros existen por lei a forma xurídica de sociedade mercantil.

- *Número de persoas que participen no proxecto empresarial:* A idea de emprender a creación dunha empresa pode xurdir individualmente –neste caso atópase a figura do empresario individual– ou ben colectivamente –o empresario colectivo ou as sociedades no senso máis amplo do termo–. Ademais, dentro das diferentes formas de sociedade, o número de persoas implicadas no proxecto pode limita-la elección da forma xurídica. Así, todo proxecto ideado por menos de catro ou cinco socios vería limitado legalmente o seu acceso a formas xurídicas como as sociedades anónimas laborais ou as cooperativas, respectivamente.

- *Responsabilidade dos promotores:* O grao de responsabilidade a asumir polas persoas que participen no proxecto empresarial determinará asimesmo o tipo de forma xurídica a elixir. Así, aquelas persoas que decidan restrinxir a súa responsabilidade ó capital ou aportacións que realicen á sociedade deberá optar por unha sociedade mercantil, ben a sociedade anónima ou ben a sociedade limitada –incluídas as novas modalidades unipersonais–. En cambio, se deciden afrontar-lo risco de responsabilizar tanto o seu patrimonio propio como ó social, optará pola figura do empresario individual ou o resto de formas xurídicas do dereito mercantil español.

- *Natureza das relacións que van manter os socios entre si:* As motivacións que poden levar a unha persoa a optar por asociarse con outras para a creación dunha empresa poden reducirse, en principio, á aportación conxunta de capital suficiente, ou ben á unión de profesionais cunhas coñecementos específicos, que se complementen


para a creación da empresa. En ámbolos dous casos, as relacións entre os socios son diferentes. No primeiro suposto sólo preocupa a solvencia económica, sen importar quen é o socio, mentras que no segundo búscase un socio concreto. Por iso, se no primeiro caso a entrada de novos socios verase unicamente condicionada á aportación de certo capital, no segundo buscarase unha forma xurídica que permita restrinxir-lo acceso á empresa de novos socios.

- *Necesidades económicas do proxecto:* A dimensión económica e o investimento a realizar tamén condicionan a elección da forma xurídica. En primeiro lugar porque determinadas sociedades teñen un capital social mínimo de partida co que non todo proxecto empresarial pode contar (por exemplo, a sociedade anónima esixe 10 millóns de capital social). En segundo lugar, as necesidades económicas do proxecto condicionan ós promotores a dar entrada no mesmo a outras persoas como socios investidores. En cambio, o control da empresa polos promotores pódelles levar a fixar un capital inferior para escoller unha forma xurídica que lles permita controla-la empresa sen inxerencias externas.

- *Os aspectos fiscais da empresa:* Á hora de optar por unha forma xurídica concreta, cada vez é máis necesario ter en conta o tipo de imposición fiscal ó que están sometidas as actividades que a mesma realiza; ou mesmo cómo repercuten fiscalmente os beneficios que se obteñen pola participación nunha empresa na renda das persoas físicas (IRPF). Por iso é importante estudar detalladamente os custos fiscais que vai supoñer-la creación da empresa, non só pola súa repercusión na renda dos promotores, senón na propia contabilidade da empresa e a previsión de beneficios que a mesma pode obter para afrontar-las ditas “cargas” fiscais.

Elección da forma xurídica

A elección da forma xurídica é un dos momentos fundamentais do proceso de constitución dunha empresa. Por elo, toda

Cadro 3.1.1.**Formas xurídicas das empresas**

persona que queira iniciar unha actividade empresarial debe coñecer as características, obrigas e organización de tódalas posibilidades que ofrece o ordenamento xurídico. Deixando aparte figuras contractuais asociativas e de colaboración de diferentes significado (sociedades civís, asociacións de conta en participacións, contratos de distribución, concesión mercantil ou axencia, entre outras), as formas típicas de organización da empresa mercantil resúmense no **cadro 3.1.1.**

• O EMPRESARIO INDIVIDUAL

Concepto: É a persoa física que exerce en nome propio, por si ou por medio de representante, unha actividade constitutiva de empresa.

As principais características que definen o exercicio da actividade empresarial ou comercial individual son:

- Actuar como persoa individualmente considerada.

- Ter capacidade legal para exercer o comercio

- Dedicarse habitualmente ou en forma profesional á actividade.

- Obrar en nome propio, é dicir, asumir directa e indirectamente as obrigas (responsabilidade patrimonial) derivadas da actividade empresarial.

Normativa legal:

- Código de Comercio. Real Decreto de 22 de agosto de 1885.

- Regulamento do Registro Mercantil. Real Decreto 1597/1989, de 29 de decembro, e Real Decreto 1418/1991, de 27 de setembro.

Capacidade legal para ser empresario: Tal como establece o art. 4 del C. de Co. terán capacidade para o exercicio do comercio as persoas maiores de idade e que teñan libre disposición dos seus bens, é dicir, non estar incapacitado xudicialmente para a administración e disposición dos seus bens. Excepcionalmente admítense que os meno-

res de idade e os incapacitados podan continuar no exercicio do comercio dos seus pais pero por medio dos representantes legais.

Tipo de responsabilidade: Ilimitada. O empresario individual caracterízase polo exercicio do comercio en nome propio e elo significa, que será el quen debe correr cos riscos da actividade mercantil, asumindo persoalmente as obrigas contraídas con terceiros no exercicio do comercio. Das súas operacións mercantís responde non só o capital investido na empresa, senón tamén todo o seu patrimonio persoal.

Obrigas do empresario individual: A organización administrativa da actividade do empresario ou comerciante individual está sometida ó seu libre albedrío; a lei límitase a determinarlle obrigas principais como:

a) Obriga de levar contabilidade e documentación das súas operacións: Todo empresario debe levar unha contabilidade ordenada, que permita un seguimento cronolóxico das súas operacións.

Os libros obrigatorios que debidamente dilixenciados debe levar todo empresario son:

- Libro de Inventarios e Contas anuais.
- Libro Diario.
- Libros e rexistros impostos pola normativa fiscal.

Admítense procedementos mecanizados ou informatizados, sen que iso supoña a exención da obriga de presenta-los libros de comercio indicados para ser dilixenciados polo rexistrador.

b) Obriga de entregar e expedir facturas ou documentos substitutivos das operacións mercantís, e á vez garda-las facturas e documentos substitutivos recibidos dos provedores.

c) Obriga de conserva-los libros contables, correspondencia, documentos e xustificantes concernentes ó seu negocio durante seis anos a partires do último asento realizado nos libros.

d) Obriga de ser leais no tráfico mer-

cantil e de non realizar prácticas restrictivas da competencia mercantil.

e) Sometemento ós procesos de suspensión de pagamentos e á quebra, procedementos concursais creados para resolver as situacións de crise económica.

A inscrición do empresario individual no rexistro mercantil é potestativa, salvo no caso dos navieiros, que é obrigatoria. Nembargantes, aínda non sendo obrigatoria de Dereito si o é de feito; porque se non se inscribe, non poderá solicita-la inscrición de ningún documento no dito Rexistro, nin aproveitar os seus efectos legais e de publicidade fronte a terceiros.

• O EMPRESARIO COLECTIVO

1.- Sociedades mercantís

(A) **Sociedade colectiva** (S.R.C. ou S.C.)

Concepto: Aquela na que tódolos socios, en nome colectivo e baixo unha razón social, se comprometen a participar, na proporción que establezan, dos mesmos dereitos e obrigas, tal como recolle o Código de Comercio. Se ben á dita definición fálta-lle unha das características fundamentais deste tipo de sociedades: a responsabilidade fronte a terceiros de tódolos socios, persoal, solidaria e ilimitadamente.

Os seus rasgos máis relevantes son:

- Unha sociedade de responsabilidade ilimitada
- Unha sociedade personalista, porque baséase nas cualidades e relacións persoais dos socios que a forman.
- Unha sociedade de traballo e xestión colectiva; todos teñen, en principio, dereito de exercer-la administración e xestión da sociedade.

Normativa legal: Código de Comercio, art. 125 - art. 144.

Características:

- Número de socios e clases: Non existe un número mínimo de socios esixido por lei. Como sociedade de base personalista as relacións dos socios están baseadas

na mutua confianza e na posta en común das aportacións dos socios para realizar unha actividade

- **Capital social:** O capital social está constituído polas aportacións dos socios que poden consistir en cartos, bens, dereitos e a diferenza das sociedades capitalistas, en traballo ou industria. Non está dividido en participacións nin en accións. Os dereitos económicos dos socios sobre beneficios ou a súa participación en perdas realízase en proporción á aportación de cada socio.

- **Tipo de responsabilidade:** Ilimitada. Tódolos socios que figuren na razón social e nas escrituras da mesma responderán persoal, solidaria e ilimitadamente das débedas e obrigas contraídas pola empresa.

- Libros obrigatorios:

Libros sociais: Libro de Actas

Libros contables: libro de Inventarios e contas anuais, diario e libros e rexistros fiscais.

Contido da escritura de constitución dunha sociedade colectiva: Escritura pública de constitución co seguinte contido mínimo:

- Nome, apelido e domicilio dos socios
- Razón social
- Nome dos socios ós que se encomenda a xestión da compañía e o uso da firma social
- Capital que cada socio aporte e valoración de aportacións
- Duración da compañía
- Data de comenzo das operacións
- Cantidades asignadas a socios xestores para gastos
- Demais pactos lícitos

(B) Sociedade comanditaria simple

Concepto: É un tipo de sociedade colectiva adicada en nome colectivo e con responsabilidade ilimitada para uns socios (colectivos) e limitada para outros (comanditarios) á explotación do seu obxecto social.

Normativa legal: Código de Comercio, art. 145- 150

Características:

- **Número de socios e clases:** Como mínimo dous. Existen dous tipos de socios, feito que caracteriza e diferencia a esta sociedade das sociedades colectivas regulares:

a) **Socios colectivos:** desempeñan a dirección e xestión da sociedade e responden ilimitadamente das débedas sociais.

b) **Socios en comandita:** non participan na xestión da sociedade e só responden fronte a terceiros das obrigas da sociedade de forma limitada, ata unha cantidade predeterminada.

- **Capital social:** O capital social está constituído polas aportacións dos socios. Os dereitos económicos dos socios sobre beneficios ou a súa participación en perdas realízase en proporción á aportación de cada socio. No caso dos socios en comandita, a mesma limita o valor da súa aportación.

Tipo de responsabilidade: Depende do tipo de socio: Ilimitada no caso dos socios colectivos e limitada no dos comanditarios.

Órganos da sociedade: A organización administrativa da sociedade corresponde exclusivamente ós socios colectivos.

Libros obrigatorios: Os mesmos da sociedade colectiva.

Contido da escritura de constitución dunha sociedade comanditaria: Escritura pública de constitución co seguinte contido mínimo:

- Nome, apelidos e domicilio dos socios colectivos
- Nome, apelidos e domicilio dos socios comanditarios
- Razón social
- Nome dos socios ós que se encomenda a xestión da compañía e o uso da firma social
- Capital que cada socio aporte e valoración de aportacións
- Aportacións que cada socio comanditario faga á sociedade con expresión do seu valor
- Duración da compañía
- Data de comenzo das operacións
- Cantidades asignadas a socios xestores para gastos

- Demais pactos lícitos

(C) Sociedade comanditaria por accións

Concepto: É unha modalidade de sociedade comanditaria, similar á sociedade anónima, na que o capital estará dividido en accións, formado polas aportacións dos socios, dos que un alomenos responderá das débedas sociais de forma ilimitada como socio colectivo.

Normativa legal: Código de Comercio, art. 151- art. 157, e Ley de Sociedades Anónimas, R.Decreto-lexislativo 1564/1989.

Características:

- Número de socios e clases: Como mínimo dous. Existen socios colectivos e socios en comandita.
- Capital social: O capital social será como mínimo de 10 millóns de pesetas, dividido en accións e constituido polas aportacións dos socios, subscrito na súa totalidade e desembolsado alomenos nun 25% do valor nominal das accións, está constituido polas aportacións dos socios.

Tipo de responsabilidade: Os socios colectivos responden de forma ilimitada; fronte ó resto que a súa responsabilidade será limitada ó valor das súas accións.

Órganos da sociedade: A organización administrativa da sociedade corresponde exclusivamente ós socios colectivos. Os novos administradores asumirán a condición de socios colectivos dende o momento que acepten o seu nomeamento. No resto orgánizanse como as sociedades anónimas, tendo en conta a especificidade da existencia de socios colectivos.

Libros obrigatorios: Os mesmos indicados para a sociedade colectiva.

- **Contido da escritura de constitución e estatutos dunha sociedade comanditaria por accións:** A escritura de constitución e os estatutos da sociedade comanditaria por accións adaptaránse á normativa da LSA en

todo aquilo que non contradiga ó Código de Comercio. O contido mínimo da escritura de constitución e dos estatutos será:

- Nome, apelido e domicilio dos socios comanditarios
- Nome, apelidos e domicilio dos socios colectivos
- Razón social
- Obxecto e actividade social
- Duración da sociedade
- Capital social (non inferior a 10 millóns de pesetas)
- Número e clase de accións
- Capital social non desembolsado
- Socios colectivos
- Convocatorias e quorum das xuntas de socios
- Restriccións á libre transmisión das accións
- Identificación outorgantes da escritura
- Aportacións monetarias e non monetarias e a súa valoración
- Data comenzo das operacións
- Demais pactos lícitos.

(D) Sociedade de responsabilidade limitada (S.L. ou S.R.L.)

Concepto: É unha sociedade de natureza mercantil, cun capital determinado, dividido en participacións iguais, acumulables e indivisibles, que non poderán incorporarse a títulos negociables nin denominarse accións, na que os socios non responderán persoalmente das débedas sociais senón limitándose á contía das súas aportacións:

- É unha sociedade capitalista con certos rasgos personalistas.
- É unha sociedade de responsabilidade limitada.
- É unha sociedade mercantil calquera que sexa a súa actividade e obxecto social.

Normativa legal:

- Ley 2/1995, de 23 de marzo de 1995, de Sociedades de Responsabilidad Limitada.
- Ley de Sociedades Anónimas, texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 1564/1989, de 22 de decembro.

- Regulamento do Rexistro Mercantil, RD 1597/1989, de 29 de decembro, e RD 1418/1991, de 27 de setembro.

Características:

- Número de socios: Como mínimo dous. A condición de socio adquirese pola aportación dunha participación na sociedade. A mesma confire iguais dereitos ós seus titulares.

- Capital social: Por disposición legal, o capital social non poderá ser inferior a 500.000 pesetas e haberá de estar totalmente desembolsado dende o mesmo momento da súa constitución. As aportacións dos socios ó capital poden ser cartos, bens ou dereitos.

O capital social estará dividido en participacións que non poderán incorporarse a títulos negociables nin denominarse accións. As participacións serán iguais, do mesmo valor e confiren os mesmos dereitos; acumulables, porque nada impide que os socios podan subscribir máis dunha participación; e indivisibles.

Tipo de responsabilidade: Limitada. A responsabilidade dos socios límtase á aportación de capital, valores ou dereitos nos que constitúe a súa participación no momento de constitución da sociedade.

Órganos da sociedade: Os órganos fundamentais de toda S.L. son:

- Xunta Xeral: órgano de goberno.
- Administradores: órgano encargado da xestión e representación da sociedade polo tempo determinado na escritura ou no nomeamento.

A lei permite que os estatutos sociais determinen varias modalidades permitidas de administración e que sexa a Xunta Xeral a que determine o modo de administración a seguir. As clases de administradores previstos na lei son: unipersonais e pluripersonais. Neste segundo caso o órgano de administración está formado por dúas ou máis persoas e os seus poderes e adopción de acordos poden ser como administradores solidarios ou como administradores mancomunados.

Libros obrigatorios:

Libros sociais: Libro de Actas e libro-rexistro de socios.

Libros contables: Libro de Inventarios e contas anuais, libro diario e libros rexistros fiscais.

- Contido mínimo da escritura de constitución e dos estatutos dunha sociedade de responsabilidade limitada (S.L. ou S.R.L.): A escritura de constitución e os estatutos da S.L. adaptaranse ó seguinte contido mínimo:

- Nome, apelidos, nacionalidade e domicilio dos socios
- Razón social
- Obxecto e actividade social
- Domicilio social
- Data de peche do exercicio social
- Duración da sociedade
- Capital social (non inferior a 500.000 pts.) e participacións en que se divida, o seu valor nominal e a súa numeración correlativa
- Modo ou modos de organización da administración da sociedade
- Forma de deliberar e tomar acordos a xunta de socios
- Convocatorias e constitución
- Demais pactos lícitos.

(E) Sociedade unipersonal de responsabilidade limitada

Concepto: É unha sociedade de natureza mercantil, cun capital determinado, dividido en participacións iguais, acumulables e indivisibles, que pertencen a un único socio, que non responderá persoalmente das débedas sociais senón limitándose á contía do capital da sociedade.

Normativa legal: Cap. XI (Art. 125 a 129) da Lei 2/1995, de 23 de marzo, de Sociedades de Responsabilidade Limitada.

Características:

- Número de socios: Un único socio que ten todo o capital social.
- Fundación da sociedade unipersonal de responsabilidade limitada: A sociedade unipersonal de responsabilidade limitada pode constituírse por dúas vías: por un único

socio, sexa persoa física ou xurídica, ou por dous ou máis cando as accións pasen todas a un único socio.

- **Capital social:** Por disposición legal, o capital social non poderá ser inferior a 500.000 pesetas e haberá de estar totalmente desembolsado dende o momento da súa constitución.

Tipo de responsabilidade: Limitada

Órganos da sociedade: O socio único. As súas decisións deben constar en acta e ser executadas e formalizadas polo propio socio ou polos administradores da sociedade.

Libros obrigatorios: Salvo o Libro Rexistro de Socios, que non é necesario na unipersonal, ten os mesmos libros que a sociedade de responsabilidade limitada común.

- Contido mínimo da escritura de constitución e dos estatutos dunha sociedade unipersonal de responsabilidade limitada: A escritura de constitución e os estatutos da sociedade unipersonal de responsabilidade limitada adaptaranse ó seguinte contido mínimo:

- Nome, apelidos, nacionalidade e domicilio do socio único
- Razón social
- Obxecto e actividade social
- Designación dos administradores e representantes
- Domicilio social
- Duración da sociedade.
- Capital social (non inferior a 500.000 pts.) e participacións
- Aportacións e valoración das non monetarias
- Demais pactos lícitos.

(F) Sociedade anónima (S.A.)

Concepto: É unha sociedade de natureza mercantil na que o capital social, que non poderá ser inferior a 10 millóns de pesetas, está dividido en accións transmisibles e integrado polas aportacións dos socios, que non responden persoalmente das débedas

sociais senón limitadamente á contía das súas accións. Os seus rasgos máis relevantes son:

- Sociedade capitalista, o seu elemento fundamental é o capital (cartos, bens e dereitos) aportados polos socios, denominados accionistas.
- Sociedade por accións.
- Sociedade de responsabilidade limitada ó patrimonio social, non á persoal dos accionistas.
- Sociedade mercantil calquera que sexa a súa actividade e obxecto social.
- Sociedade rexida democraticamente baixo o principio "unha acción, un voto".
- Sociedade aberta: a condición de socio é transmisíble.
- Para ser administrador da mesma non se esixe ser accionista.

Normativa legal:

- Texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas aprobado polo Real Decreto Legislativo 1564/1989, de 22 de decembro.
- A Lei 2/1995, de 23 de marzo, de Sociedades de Responsabilidade Limitada, na súa disposición adicional segunda, modifica diversos artigos do texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas.
- Lei 19/1989, de 25 de xullo, sobre adaptación da lexislación mercantil ás directivas comunitarias en materia de sociedades.
- Regulamento do Rexistro Mercantil, RD 1597/1989, de 29 de decembro, e RD 1418/1991, de 27 de setembro.

Características:

- **Número de socios:** Como mínimo dous. É socio todo titular dunha acción. Trátase dunha sociedade puramente capitalista onde a personalidade do socio non ten relevancia ningunha. O que importa é a aportación económica, que se expresa na titularidade dunha acción.

- **Fundación da S.A.:** As sociedades anónimas poden constituírse por dous procedementos distintos:

a) **Fundación simultánea:** Procedemento máis habitual, consiste na fundación nun só acto, subscribindo no dito momento a totalidade das accións representativas do

capital social. Serán fundadores os que outorguen a escritura social e subscriban tódalas accións.

b) Fundación sucesiva: Neste caso os socios promotores da creación da sociedade non subscriben a totalidade das accións, senón que a mesma vaise producindo de forma continuada. As fases deste procedemento son:

1ª.- Redacción polos promotores dun programa fundacional

2ª.- Publicación no Rexistro Mercantil e no seu boletín

3ª.- Subscrición de accións e desembolso de alomenos un 25% do seu valor

4ª.- Convocatoria e celebración dunha Xunta Xeral constituinte da sociedade.

5ª.- Outorgamento de escritura pública de constitución e inscrición

- Capital social: Por disposición legal, o capital social non poderá ser inferior a dez millóns de pesetas e o mesmo deberá estar integramente subscrito e desembolsado en alomenos unha cuarta parte do valor nominal de cada unha das accións. O dito capital social está dividido en partes alícuotas, denominadas “accións” e das que o seu valor nominal sumado coincide coa cifra do capital social.

As aportacións dos socios que integran o capital social poden consistir en cartos (aportacións en metálico), bens ou dereitos patrimoniais susceptibles de valoración económica (aportacións non monetarias).

Aquelas aportacións non desembolsadas no momento da súa constitución deberán facerse efectivas no prazo e forma determinados polos estatutos ou, no seu defecto, por acordo ou decisión dos administradores.

- Accións e obrigacións: A acción “representa as partes alícuotas do capital social”. A acción pódese analizar desde unha triple perspectiva:

a) *Acción como parte alícuota do capital*: Representa unha parte alícuota do capital e entrégase a cambio dunha aportación á sociedade. Ten un valor que pode variar: valor nominal, valor real e valor de cotización

en bolsa. Tódalas accións dunha mesma serie ou clase deben ter igual valor. Caben emisións de accións con prima.

b) *Acción como título valor*: Documento apto para a circulación, transmisible de calquera forma, proba e lexítima a condición de socio. Diferéncianse diversos tipos de acción segundo o tipo de título valor: accións nominativas e accións ó portador.

c) *Acción como dereito*: a acción confire a cualidade de socio e os dereitos que lle corresponden a éste como o seu titular ou poseedor lexítimo.

Pola súa banda, as obrigacións son títulos que recoñecen a existencia dunha débeda a cargo da sociedade emisora con aquela persoa titular ou portadora da obrigación. O titular da obrigación é un acreedor da sociedade.

Tipo de responsabilidade: Limitada. Os accionistas responden fronte á sociedade únicamente ata o límite da aportación prometida e non desembolsada, sen asumir persoalmente as débedas sociais.

Órganos da sociedade: Os órganos fundamentais de toda S.A. son:

- Xunta Xeral: Órgano soberano e deliberante, é a reunión dos accionistas, debidamente convocada, para deliberar e decidir por maioría sobre determinados asuntos sociais. Esa xunta pode ser de varias clases:

Xunta ordinaria: Reúnese cando o deciden os estatutos ou, alomenos, dentro dos seis primeiros meses do ano para censura-la xestión social e aprobar, se procede, as contas e balances do exercicio anterior.

Xunta extraordinaria: Convocada polos administradores por necesidade dos intereses sociais ou a petición de socios que representen alomenos un 5% do capital social.

Xunta universal: Aquela que se celebra espontaneamente e que quedará validamente constituída por estar presente todo o capital desembolsado e se os asistentes están de acordo en celebrala.

Xunta Xeral Obrigatoria: convocada polo xuíz.

- **Administradores:** Constitúen o órgano encargado de executar a vontade social formada na Xunta Xeral, da xestión e representación da sociedade en xuízo e no comercio ordinario. Os administradores poden ser unipersoais ou pluripersoais e, de entre estes últimos, administradores solidarios, administradores mancomunados e administradores colexiados formando o Consello de Administración.

- **Audidores de contas:** Aquelas sociedades nas que durante dous anos se den estas circunstancias: cadro de persoal superior a 50 traballadores, volume de negocios superior a 480 millóns de pesetas ou activos que superen os 230.000 millóns; deberán nomear obrigatoriamente audidores de contas. Tamén é obrigatorio se, aínda non existindo a dita obriga, o solicitasen accionistas que representen como mínimo o 5% do capital social.

Libros obrigatorios:

Libros sociais: Libro de Actas, libro talonario de accións, libro-rexistro de acc. nominativas, libro-rexistro de socios. Admítese procedementos mecanizados

Libros contables: Libro de inventarios e contas anuais, libro diario e libros e rexistros fiscais.

- **Modelo de estatutos dunha sociedade anónima (S.A.):** A escritura de constitución e os estatutos da sociedade anónima adaptaranse ó seguinte contido mínimo:

- Denominación da sociedade.
- Obxecto e actividade social.
- Duración da sociedade.
- Data de comezo das operacións.
- Domicilio social.
- Capital social (non inferior a 10.000.000 pts.)
- Número e clase de accións.
- Capital non desembolsado: prazo máximo e forma de desembolsalo.
- Órganos que exercerán a administración e a representación.
- Convocatoria da Xunta de socios: prazos e forma de convocala.
- Forma de tomar acordos.
- Restriccións á libre transmisión de accións.

Outras mencións posibles:

- Identificación dos outorgantes da escritura.
- Vontade dos outorgantes de formar unha S.A..
- Aportacións e valoración das non monetarias.
- Pactos non contrarios á lei.
- Identidade dos auditores de contas.
- Demais pactos lícitos.

(G) Sociedade anónima unipersoal

Concepto: Sociedade de natureza mercantil na que o capital social, que non poderá ser inferior a 10 millóns de pesetas, está dividido en accións transmisibles e integrado polas aportacións dun único socio, que non responde persoalmente das débedas sociais senón de forma limitada ó capital social. Todo o capital está representado por accións, que están en mans do único accionista.

Normativa legal:

- Disposición Adicional Segunda, n. 20 da Lei 2/1995, de 23 de marzo, de Sociedades de Responsabilidade Limitada.
- Cap. XI da Lei 2/1995, de 23 de marzo, de Sociedades de Responsabilidade Limitada.
- Texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas aprobado polo Real Decreto Legislativo 1564/1989, de 22 de decembro.
- Regulamento do Rexistro Mercantil, RD 1597/1989, de 29 de decembro, e RD 1418/1991, de 27 de setembro.

Características:

- Número de socios: Un único socio, titular de todas as accións.
- Fundación: Como a sociedade unipersoal de responsabilidade limitada.
- Capital social: Por disposición legal, o capital social non poderá ser inferior a dez millóns de pesetas e o mesmo deberá estar íntegramente subscrito e desembolsado en alomenos unha cuarta parte do valor nominal de cada unha das accións. Está dividido en partes alícuotas, chamadas accións, nas que o seu valor nominal sumado coincide coa cifra de capital social e pertencen ó mesmo titular: o socio único.

- Tipo de responsabilidade: Limitada. O socio único responde fronte á sociedade unicamente ata o límite do capital social.

- Órganos da sociedade: O socio único exercerá as competencias da Xunta Xeral. Por iso, as súas decisións deberán constar en Acta, baixo a súa firma ou a do seu representante, podendo ser executadas e formalizadas polo propio socio ou polos administradores da sociedade.

Libros obrigatorios:

Libros sociais: Libro de Actas. Admítense procedementos mecanizados

Libros contables: Libro de Inventarios e contas anuais, libro diario e mais libros e rexistros fiscais.

Modelo de estatutos dunha sociedade anónima unipersoal: A escritura de constitución e os estatutos da sociedade anónima adaptaranse ó seguinte contido mínimo:

- Denominación da sociedade.
- Obxecto e actividade social.
- Duración da sociedade.
- Data comenzo das operacións.
- Domicilio social.
- Capital social (non inferior a 10.000.000 pts.).
- Número e clase de accións.
- Capital non desembolsado: prazo máximo e forma de desembolsalo.
- Órganos que exercerán a administración e a representación.
- Convocatoria da Xunta de socios: prazos e forma de convocala.
- Forma de tomar acordos.

(H) Sociedades anónimas laborais (S.A.L.)

Concepto: Sociedades nas que alomenos o 51% do capital social pertence ós traballadores que prestan nelas os seus servizos, estando éstos retribuídos de forma directa e persoal, na que a relación laboral é por tempo indefinido e en xornada completa nas condicións reguladas por lei.

Normativa legal:

- Lei 4/1997, de 24 de marzo, de

Sociedades Laborais.

- Supletoriamente: Lei de Sociedades Anónimas e Lei de Sociedades de Responsabilidade Limitada.

Características:

- Número de socios e clases: A Lei fixa un número mínimo de 3 socios (art. 5 LSL), pois sinala que ningún dos socios pode posuír accións ou participacións que representen máis da terceira parte do capital social –salvo que se trate de sociedades laborais participadas polo Estado, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais ou as sociedades públicas–, dos que alomenos tres deles serán traballadores da empresa cunha relación laboral por tempo indefinido e a tempo completo.

Diferéncianse dúas clases de socios:

a) Socios traballadores: Socios accionistas ligados á sociedade mediante un contrato de traballo indefinido e a xornada completa. Deben se-la maioría dos socios, legalmente alomenos o 51% do capital social debe estar en mans deste tipo de socios.

b) Socios non traballadores ou capitalistas: Socios accionistas con aportación efectiva de capital, alleos a calquera relación laboral ou outros que presten os seus servizos por conta propia (comisionistas etc.) ou a tempo parcial.

- Capital social: O capital social non pode ser inferior a 500.000 pesetas para as sociedades de responsabilidade limitada laborais e de 10 millóns de pesetas para a sociedade anónima laboral. Como mínimo, o 51% do mesmo debe pertencer ós socios traballadores.

Este capital está dividido en accións nominativas (sociedade anónima laboral) ou en participacións sociais (sociedade limitada laboral) e constituido por aportacións dos socios. A súa transmisión a socios non traballadores require sempre unha oferta previa ós demais socios traballadores e á propia sociedade.

Tipo de responsabilidade: Limitada ás aportacións dos socios.

- Órganos da sociedade: *Vid.* regulación da S.A. e da S.L.

- Libros obrigatorios:

Libros sociais: Libro de Actas da S. Laboral e libro Rexistro das accións nominativas e de socios.

Libros contables: Libro de Inventarios e contas anuais, libro diario e libros e rexistros fiscais.

- Contido mínimo da escritura de constitución e dos estatutos dunha sociedade laboral: A escritura de constitución e os estatutos da sociedade laboral, como sociedade anónima ou limitada que é, constituirase por escritura pública e redacción de estatutos que rexerán a sociedade cun contido similar ó dunha SA. ou S.L. pero coas especificidades propias das S.A.L. ou S.L.L.:

- Capital social (non inferior a 500.000 (SLL) ou 10.000.000 pts (SAL).

- Número e clase de accións e participacións

- Accións e participacións reservadas a socios traballadores (como mínimo, o 51 % do capital social).

- Restriccións á libre transmisión de accións.

(I) Sociedades agrarias de transformación

Trátase dunha modalidade de sociedade civil de finalidade económico-social de cara á produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, a realización de melloras no medio rural, promoción e desenvolvemento agrarios e a prestación de servizos comúns que sirva ás ditas finalidades. O número mínimo de socios para a súa constitución será de 3 titulares de explotacións agrarias ou traballadores agrícolas. A responsabilidade das súas débedas é ilimitada, se ben en primeiro lugar afectará ó patrimonio social e en caso de ser insuficiente responderán os patrimonios persoais dos socios mancomunadamente.

Réximen legal das SAT: Real Decreto-Ley 31/1977, de 2 de xuño; Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto polo que se aproba o Estatuto das SATs.; Orde de 14 de setembro de 1982 de desenvolvemento e Lei 20 /1990 de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas na súa disposición adicional primeira.

2.- Sociedades Cooperativas

Concepto: Aquelas sociedades, con un capital variable, estrutura e xestión democrática, que asocian, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, a persoas que teñen intereses ou necesidades socioeconómicas comúns, desenvolven actividades empresariais, imputándose os resultados económicos ós socios, unha vez atendidos os fondos comunitarios, en función da actividade cooperativizada que fan.

Normativa legal:

- Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia.

- Clases de cooperativas:

a) Cooperativas de primeiro grao:

- Cooperativas de traballo asociado.

- Cooperativas agrarias.

- Cooperativas de explotación comunitaria da terra.

- Cooperativas de consumidores e usuarios.

- Cooperativas de servizos.

- Cooperativas de transportistas.

- Cooperativas do mar.

- Cooperativas de explotación de recursos acuícolas.

- Cooperativas de vivendas.

- Cooperativas de ensino.

- Cooperativas de integración social.

- Cooperativas de servizos sociais.

- Cooperativas de crédito.

- Cooperativas de seguros.

- Cooperativas sanitarias.

b) Cooperativas de segundo grao: As que integran a cooperativas da mesma ou distinta clase e a outras persoas xurídicas públicas ou privadas, sempre que non superen o 25% total dos socios, e teñen por

obxecto promover, coordinar e desenvolver fins económicos comúns das súas entidades membros, así como reforzar ou integra-la actividade económica dos mesmos. Ningún socio destas cooperativas poderá posuír máis do 50% do capital social da cooperativa de 2º grao.

Características:

- Número mínimo de socios: Nas cooperativas de primeiro grao, 4 socios como mínimo (non se computan os socios a proba, excedentes e colaboradores); nas cooperativas de segundo grao, 2 de 1º grao como mínimo.

- Capital social: O capital social mínimo non será inferior a cincocentas mil pesetas, expresándose nesta moeda, e deberá estar totalmente desembolsado á súa constitución.

- Tipo de responsabilidade: Limitada ás achegas dos socios subscritas ó capital social, estean ou non desembolsadas na súa totalidade.

Socios:

- Socios: son aquelas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e as comunidades de bens, coas particularidades establecidas, se é o caso, para cada unha das cooperativas sinaladas na lei. Admítase a figura dos socios de traballo, en cooperativas que non sexan de traballo asociado, de explotación comunitaria da terra ou de recursos acuícolas e nas cooperativas de segundo grao poderán adquirirla condición de socios de traballo, se os estatutos o prevén, ás persoas físicas que terán como actividade a prestación do seu traballo persoal na cooperativa.

- Socios a proba: Nas cooperativas de 1º grao, excepto vivenda, crédito e seguros, poderán existir socios a proba, por un período, nesta condición, non superior a doce meses, rebaixándose este período a seis en determinados casos.

- Socios excedentes: Nas cooperativas, agás nas de vivenda, poderá concedérsele a condición de socio excedente a aqueles que por causa xustificada deixen de selo, mediante solicitude por escrito dirixida ó órgano de administración, que deberá resol-

ver no prazo de dous meses. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, entenderase admitida a solicitude.

- Socios colaboradores: Persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, sen poder realizar plenamente o obxecto, poidan colaborar na súa consecución.

Órganos da sociedade:

- Asamblea Xeral: órgano supremo de expresión da vontade social, é a reunión dos socios, constituída co obxecto de deliberar sobre a política xeral da cooperativa e adoptar acordos sobre aqueles asuntos que sexan da súa competencia, vinculando as súas decisións a tódolos membros da cooperativa. As Assembleas Xerais poderán ser ordinarias e extraordinarias.

- Consello Rector: Órgano de goberno, xestión e representación da cooperativa. O seu presidente serao tamén da cooperativa e ostentará a representación legal da mesma. Se o número de socios é inferior a dez, os estatutos poderán establecer a existencia dun administrador único.

- Interventores: Órgano de fiscalización da cooperativa composto polo número de membros que se determine estatutariamente.

- Comité de Recursos: Órgano de creación voluntaria nas cooperativas que tramitará e resolverá todo tipo de recursos contra sancións impostas ós socios polo consello rector e demais recursos en que así o preveña a lei ou os estatutos.

- Letrado asesor: As cooperativas que de acordo coas contas do último exercicio veñan obrigadas a realizar auditoría externa de contas deberán designar, por acordo da asamblea xeral ou, no seu defecto, polo consello rector, un letrado asesor para exercicios sucesivos mentres permaneza a obriga de auditarase.

Fondos sociais obrigatorios: O Fondo de Reserva Obrigatorio, destinado á consolidación, desenvolvemento e garantía da cooperativa, que é irrepartible entre os socios, e mailo Fondo de Formación e Promoción Cooperativa.

- Libros obrigatorios:

Libros sociais: Libro de rexistro dos

socios, libro de achegas ó capital social, libro de actas da assemblea xeral, do consello rector, de informes de censuras de contas, de liquidadores e, no seu caso, do comité de recursos.

Libros contables: Libro de Inventarios e Balances, libro diario e libro e rexistros fiscais.

Contido mínimo dos estatutos dunha S. Coop.: Os estatutos de toda cooperativa contarán, como mínimo, co seguinte contido:

- Denominación da sociedade.
- Domicilio social
- Ámbito territorial no que desenvolverá as súas actividades.
- Capital social mínimo.
- Duración da sociedade
- Requisitos para adquirirla condición de socios.
- Dereitos e obrigas dos socios.
- Participación mínima obrigatoria do socio.
- Normas de disciplina social, faltas e sancións.
- Formas de publicidade e prazo de convocatoria da assemblea xeral
- Réxime de transmisión de achegas dos socios.
- Réxime de seccións que se creen, se é o caso, na cooperativa.
- Causas de disolución.

Trámites de constitución dunha empresa

• Empresario individual.-

Inscripción voluntaria no Rexistro Mercantil. Os trámites a facer son exclusivamente referidos á legalización da actividade. Non é obrigatoria a inscrición no Rexistro.

Para solicita-la inscrición, deberá presentar no Rexistro Mercantil a seguinte documentación:

- 1.- Instancia de solicitude legalizada na que figuren os datos persoais do empresario e os do negocio.
- 2.- Xustificante do alta no Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.).

No caso de empresarios navieiros esta inscrición si é obrigatoria por disposición expresa do Código de Comercio.

• Sociedades mercantís.-

Para a súa constitución, tódalas sociedades mercantís analizadas deben realizar os seguintes trámites:

(a) Certificación negativa da denominación: É unha certificación acreditativa de que o nome elixido pola sociedade non coincide co de outra xa existente. Esta certificación solicítase no Rexistro Mercantil Central, Sección de Denominacións de Sociedades e Entidades Inscritas.

A solicitude formularase por escrito, axustada ó modelo oficial, e expresará as seguintes circunstancias:

- Nome e apelido do solicitante
- Nome apelido do interesado
- Denominación ou denominacións solicitadas, ata un máximo de tres e en letra maiúscula e por orde de preferencia.
- A forma social ou o tipo legal da entidade de que se trate a abreviatura.
- A data e a firma do solicitante ou interesado.

A solicitude presentarase directamente no Rexistro Mercantil Central ou remitirase por correo. Recibida a solicitude, esta é sellada e consignada a data e número de entrada, entregándose ó solicitante resguardo da presentación.

Se a contestación é negativa, é dicir, non existe sociedade rexistrada coa dita denominación, realízase unha reserva en favor do solicitante, con carácter provisional por un prazo de quince meses contados desde a data da expedición. Se transcorrido este prazo non se houbese inscrito a sociedade no Rexistro Mercantil correspondente, a denominación rexistrada caducará e cancelárase de oficio.

Toda certificación negativa ten unha vixencia de dous meses para proceder a outorgar escritura pública de constitución da sociedade. Caducado o dito prazo sen facelo deberase volver a solicitar unha nova coa

mesma denominación, acompañando copia da certificación caducada.

(b) Outorgamento de escritura pública de constitución e redacción dos estatutos sociais: Paralelamente á solicitude de certificación débese proceder a redactar a escritura de constitución e os estatutos sociais da sociedade que se vai a constituir:

- Estatutos sociais: Normas que rexerán a vida da sociedade coas especificacións que esixa a lei en cada unha das modalidades de sociedade mercantil.

- Escritura pública de constitución: Documento no que se recolle a vontade de tódolos socios de constituírse en sociedade mercantil do tipo que se trate, redáctase obrigatoriamente ante un notario. Para a súa redacción deberánse aportar os seguintes datos e circunstancias:

1. Datos de identidade dos outorgantes (socios)

2. Vontade dos outorgantes de constituír unha sociedade anónima que quedará identificada pola súa razón ou denominación social.

3. O metálico, bens ou dereitos que cada socio aporte ou se obrigue a aportar.

4. Nome e apelidos e idade dos administradores e representantes da sociedade.

5. Certificación negativa da denominación da sociedade.

6. Estatutos sociais que rexerán a sociedade.

7. Outros pactos lícitos establecidos entre os socios.

(c) Autoliquidación do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITPAXD): A constitución de sociedades é unha das operacións societarias gravadas polo ITPAXD, polo que, unha vez outorgada a escritura pública, debe aborarse a cota líquida deste imposto.

Deberá liquidarse no prazo de trinta días hábiles seguintes á data de outorgamento da escritura pública. Documentación a aportar:

- Impreso oficial (Mod. 600)

- Primeira copia e copia simple da escritura de constitución.

Liquidado o imposto, devolverase a primeira copia co selo da Consellería de Economía e Facenda e recibo de abono do imposto.

(d) Inscripción da sociedade no Rexistro Mercantil: Este trámite obrigatorio de inscrición da empresa no Rexistro Mercantil cumpre dúas funcións:

- Confirmando personalidade xurídica á sociedade.

- Dá a coñecer a terceiros a existencia e situación xurídica da empresa

No prazo de dous meses desde que se outorga a escritura pública deberá facerse a inscrición da empresa no Rexistro Mercantil da provincia onde a sociedade teña o seu domicilio social. A documentación a aportar será:

- Primeira copia da escritura de constitución.

- Certificación negativa da denominación.

- Liquidación ITPAXD.

- Copia auténtica do informe pericial preceptivo no caso de aportacións non monetarias nas S.A.

Solicitada a inscrición, o rexistrador procederá a estudiala. En caso de encontrar defectos subsanables suspenderá a inscrición e, a petición do interesado, realizará anotación preventiva cun prazo de caducidade de dous meses desde a data. O interesado poderá proceder a subsanar os ditos erros. En caso de defectos insubsanables, denegarase a inscrición sen permitirse anotación preventiva algunha.

Inscrita a sociedade, extenderase dilixencia rexistral na última folia da escritura de constitución, coa data de inscrición e datos rexistrais: volume e folia de inscrición nos que figura a sociedade. Asimesmo, ordenará a súa publicación no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil.

(e) Especificidades das sociedades savorais: Contan con algunhas particulari-

dades propias nos trámites de constitución:

1- Calificación do proxecto de estatutos. Antes do outorgamento da escritura pública de constitución, deberán solicitá-la calificación do proxecto dos estatutos como SAL ante a autoridade administrativa correspondente. En Galicia corresponde tal facultade á Dirección Xeral de Interior da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia. Esta certificación deberá solicitá-la unha persoa que teña facultade de representación da SAL, que deberá aportar copia autorizada e dúas copias simples da escritura de constitución. O órgano administrativo conta cun prazo de 15 días para resolver se non hai defectos. En caso de habelos, deberá devolve-la documentación ó solicitante para que os subsane.

2- Bonificacións fiscais: previo ó pago do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, deberán solicitá-las bonificacións fiscais que lles correspondan. No momento da liquidación do dito imposto terán que presenta-la resolución da Consellería de Economía e Facenda conforme lle foron concedidas.

Os requisitos para acollerse ós beneficios tributarios son: estar inscritas e calificadas no Rexistro Oficial do Ministerio de Traballo e S.S. ou correspondente sección autonómica ou provincial, en Galicia o Rexistro de SALs da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, e ter destinado ó Fondo de Reserva, no exercicio en que se produza o feito imponible, o 50% dos beneficios líquidos do exercicio.

A concesión corresponde ó Ministerio de Economía e Facenda, sendo a duración da bonificación de 5 anos a partires da escritura. As bonificacións a conceder serán: un 99% dos seguintes conceptos:

- das cotas devengadas pola constitución e aumento do capital.
- das cotas por operacións de constitución de préstamos para inversións de activos fixos.
- das cotas por adquisición de bens da empresa.

3- Rexistro previo ó Rexistro Mercantil: Deberán efectuar-la inscrición no Rexistro de SALs, na Dirección Xeral de Interior de la Consellería de Interior, Xustiza e Relacións Laborais da Xunta de Galicia ou sección provincial, dependendo do ámbito da empresa. Se este é superior á Comunidade Autónoma, efectuaráse no Rexistro Oficial do Ministerio de Traballo e S.S. Presentarase a certificación acreditativa da calificación dos estatutos, xunto cunha copia autorizada e dúas copias simples da escritura pública de constitución. A autoridade administrativa expedirá certificación de inscrición que deberá acompañarse ó resto da documentación a presentar no Rexistro Mercantil para a súa inscrición.

• Cooperativas.-

Como non se trata de sociedades mercantís presentan características específicas no seu proceso de constitución. Todas as modalidades de cooperativas para formaliza-la súa creación deberán realiza-los pasos seguintes:

(a) Certificación negativa da denominación: Como nas sociedades mercantís, consiste nun certificado acreditativo da non existencia doutra cooperativa co mesmo nome da que se pretende constituír. Solicitá-rase mediante escrito dirixido a:

- Sección Central do Registro de Soc. Cooperativas e SAles da Dirección xeral de Cooperativas e SAles do Ministerio de Traballo e Seguridade Social (Cooperativas de ámbito superior á CCAA ou constituídas de conformidade a lei estatal), así como ó Servicio de Cooperativas e SAles de la Dirección Xeral de Interior da Consellería de Interior, Xustiza e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

- As cooperativas galegas inscribírannse no Rexistro Galego de cooperativas dependente da Consellería de Interior, Xustiza e Relacións Laborais da Xunta de Galicia

A validez da certificación é de 4 meses a contar dende a data da certificación, podendo ser ampliado, a petición do interesado, se houbese empezado os trámites de inscrición ante o Rexistro correspondente.

(b) Calificación administrativa da cooperativa: Antes do outorgamento da escritura pública de constitución, os xestores designados solicitarán ante a autoridade administrativa a cualificación do proxecto dos seus estatutos como cooperativa ante a autoridade administrativa correspondente. En Galicia corresponde tal facultade á Dirección Xeral de Interior da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia. A documentación a aportar serán dous exemplares da acta da assemblea constituínte, dos proxectos de estatutos e certificación negativa da denominación.

(c) Outorgamento da acta de constitución e escritura pública ante notario.

(d) Beneficios fiscais: As cooperativas que cumplan os requisitos establecidos na Lei sobre Réximen Fiscal das Cooperativas disfrutarán das seguintes exencións e beneficios:

1) Cooperativas protexidas

* ITPAJD: Exención dos actos e contratos que formalicen e nas operacións seguintes:

- constitución, ampliación de capital, fusión e escisión.
- constitución e cancelación de préstamo.
- adquisicións de bens e dereitos a integrar no fondo de educación e promoción.

* Imposto sobre sociedades: Á base imponible correspondente ós resultados extracooperativos, se lle aplicará o tipo xeral.

* Tributos locais: Bonificación do 95% da cota e os seus recargos do Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E.) e o de Bens Inmóveis correspondente ós de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra.

2) Cooperativas especialmente protexidas: Ademais dos recoñecidos ás Cooperativas protexidas, disfrutarán dos seguintes beneficios:

* ITPAJD: Exención para as operacións de adquisición de bens e dereitos destinados a fins sociais e estatutarios.

* Imposto sobre Sociedades: Bonifica-

ción do 50% da cota íntegra.

3) *Cooperativas de segundo grao*: os mesmos establecidos para as cooperativas protexidas.

(e) Autoliquidación do ITPAXD: No suposto de que non sexan fiscalmente protexidas deberase liquidar a cota do 1% do valor do capital social na Delegación Provincial da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia correspondente ó domicilio social da cooperativa, no prazo de 30 días hábiles a partir do outorgamento da escritura pública ante notario.

(f) Inscripción no Rexistro de Cooperativas: No prazo de dous meses acompañando copia autorizada e tres copias simples da escritura pública de constitución da Cooperativa e certificación negativa da denominación, solicitarase inscrición no Rexistro Central ou da Comunidade autónoma, segundo o seu ámbito.

Trámites derivados da posta en marcha da actividade dunha empresa

Neste apartado descríbense os trámites máis importantes para a posta en marcha da actividade da empresa. Se o apartado anterior centrouse nos trámites segundo a modalidade da forma xurídica da empresa a crear, neste caso abórdanse os trámites obrigatorios para todo tipo de empresas. Todos eles son necesarios para legalizar a actividade da empresa e sen a súa realización non se pode iniciar a actividade ordinaria do negocio.

Para facilitar a comprensión da variedade de xestións a realizar para iniciar una actividade empresarial, preséntanse estes trámites en función da Administración ante a que se deben realizar.

• Obrigas fiscais.-

Declaración censal (Modelo 036 ordinario ou Modelo 037 simplificado).

Toda persoa física ou xurídica que

vaia iniciar actividades empresariais ou profesionais ou satisfaga rendimentos suxeitos a retención deberá presentar esta declaración ante a administración fiscal. Trátase dunha auténtica “radiografía” fiscal da futura empresa e da mesma se derivará o tratamento fiscal da empresa, de aí a importancia deste trámite.

É a declaración de comezo, modificación ou cese da actividade que teñen que presentar, a efectos fiscais, os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios. Na mesma se comprende:

- Declaración de inicio de actividade.
- Declaración previa ó inicio de operacións
- Solicitud de C.I.F.
- Renuncia ó método de estimación obxectiva no I.R.P.F. ou ós réximes especiais simplificado o da agricultura, gandería e pesca do I.V.E.

O prazo para a realización na declaración de inicio de actividade será con anterioridade ó inicio das actividades, ó inicio de operacións intracomunitarias ou ó nacemento da obrigación de reter. No caso da solicitude do CIF cómpre diferenciar:

- Empresarios e profesionais: antes do inicio da actividade.
- Persoas xurídicas ou entidades sen a condición de empresario ou profesional: Dentro dos 30 días seguintes á data da súa constitución.

O lugar de presentación da declaración censal é a Administración ou Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria correspondente ó domicilio fiscal. Como excepción, no caso de persoas xurídicas ou entidades non residentes en territorio español, que operen sen mediación dun establecemento permanente, a declaración deberán presentala na Administración ou Delegación da AEAT correspondente ó lugar onde operen. E se o declarante é unha persoa ou entidade non establecida no territorio de aplicación do I.V.E., a declaración deberá presentarse na correspondente ó domicilio fiscal do seu representante.

Existe un modelo simplificado, o 037,

que, ó igual que o modelo 036, comprende a declaración de comezo, modificación e cese da actividade que teñen que presentar, a efectos fiscais, os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios. As diferenzas entre un e outro modelo de declaración refírense á declaración de modificación. O modelo 037 simplificado non recolle unha serie de apartados da ordinaria.

Un aspecto moi importante é o Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), a identificación das sociedades a efectos fiscais, o nome da empresa de cara á administración tributaria. No caso dos empresarios individuais, o seu NIF persoal fará as funcións do CIF nas súas operacións con terceiros.

Solicítase na Delegación Provincial de Facenda correspondente ó domicilio fiscal da sociedade no prazo de 30 días a partir do outorgamento da escritura de constitución aportando a seguinte documentación:

- Impreso mod. 037 simplificado / mod. 036
- copia da escritura de constitución
- fotocopia do DNI do solicitante se é un socio ou fotocopia do poder notarial se é un apoderado.

Unha vez concedido ten unha validez de 6 meses, ata que se retire a tarxeta de identificación fiscal co CIF definitivo da sociedade ou entidade xurídica.

Alta no Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E). Tributo local que grava o exercicio de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exerzanse ou non en local determinado. É obrigatorio para toda sociedade, empresario ou profesional. A solicitude de alta neste imposto pode efectuala o representante legal ou apoderado da sociedade ou entidade, o empresario individual e o profesional.

A alta no IAE realizarase ante a Administración ou Delegación de Facenda correspondente ó domicilio onde se exerza a actividade económica. E a documentación a presentar segundo o tipo de actividade será:

- (a) Para actividades comerciais e industriais:

- Impreso modelo oficial 840.
- NIF para empresarios individuais e C.I.F. para sociedades.
- Permiso de circulación do Ministerio do Interior para as empresas de transporte en xeral e, ademais, ficha da inspección técnica para as empresas de mercancías.
- O solicitante debe expresa-la tarifa ou tarifas que corresponden á actividade que se propón realizar.

(b) Suposto especial de licencias de actividades profesionais e artísticas.

- Impreso modelo oficial 841.
- DNI para persoas físicas e C.I.F. para sociedades e outras entidades.
- Naqueles casos nos que exista colexio profesional, selo do colexio no impreso oficial ou certificado do mesmo.

O prazo para realiza-la dita alta será de 10 días hábiles antes do inicio da actividade e a súa validez é de 1 ano natural, renovándose automaticamente agás indicación contraria do interesado.

Obrigas contables. O Código de Comercio establece a obriga para tódolos empresarios de levar unha contabilidade ordenada e axeitada a súa actividade, para o cal é necesaria a utilización de determinados libros contables. Tódolos libros deberán ser dilixenciados ante o órgano competente da Admón. Tributaria, entre o peche do exercicio e a finalización do prazo de declaración do Imposto.

A documentación a aportar será:

- Documento de constitución do empresario colectivo, debidamente inscrito no Rexistro que, en cada caso, corresponda; no suposto de comunidades de bens ou sociedades civís irregulares, o contrato subscrito polos comuneiros ou socios. Documento identificativo do empresario individual.
- Documento emitido polo Ministerio de Economía e Facenda asignando o Código de Identificación.
- Documento que outorga a representación ou autorización á persoa que formula a solicitude de inscrición.
- Documento de asociación ou pro-

posta de asociación do empresario coa entidade que vaia a cubri-las continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional.

A tesourería inscribirá á empresa no correspondente rexistro, adxudicándolle o seu número patronal de inscrición e número de identificación de cada centro de traballo. Un novo número identificador da empresa pero neste caso a efectos de identificación no sistema da Seguridade Social. Trátase dun número único de inscrición válido para todo o territorio español e está composto pola clave da provincia e o número de orde que corresponda ó Rexistro de Inscrición.

Outro aspecto de gran importancia, que se realiza no momento da inscrición da empresa na Seguridade Social, é a elección da entidade para cubri-las continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, que se abordará de seguido.

Alta no sistema de cobertura de accidentes de traballo e enfermidades profesionais: Paralelamente ó trámite anterior, a empresa deberá optar e declarar na inscrición o sistema elexido para a cobertura de accidentes de traballo e enfermidades profesionais (A.T. e E.P.); para elo a seguridade social española permite dúas opcións:

- (a) Mútuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- (b) Sistema de cobertura do Instituto Nacional da SS.

A documentación a aportar na inscrición da empresa na S.S. será, según a elección:

- (a) Se se optou por unha mutua de A.T. e E.P., duplicado do documento de asociación.
- (b) Se se optou polo INSS, cumplimentación da declaración que permite determina-las primas aplicables.

Inscrición no Réxime Especial de Autónomos: Todo empresario individual está obrigado a darse de alta no réxime especial de autónomos, independentemente de que teña ou non traballadores ó seu servizo —en caso de telos tamén tería que dalos de alta,

pero no réxime xeral da Seguridade Social—. Tamén é obrigatoria a inscrición neste réxime para os socios das comunidades de bens e optativo para os traballadores de cooperativas.

Asimesmo deberán inscribirse previamente ó exercicio da súa actividade profesional ou económica, por outorgarlles a Seguridade Social a categoría de autónomos:

- O cónxuxe e fillos que desenvolven o seu traballo de forma habitual na empresa familiar.
- Os familiares do traballador autónomo que colaboren de forma habitual, persoal e directa e non teñan a condición de asalariados.
- Os profesionais libres integrados en colexios profesionais se os órganos de representación legal das ditas asociacións solicitaron a incorporación ó réximen de autónomos.
- Os escritores de libros.
- Os socios de compañías colectivas e comanditarias que traballen no negocio cun salario e de forma habitual, persoal e directa.
- Os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado se así o fixan os seus estatutos.
- Os socios de sociedades capitalistas que traballen nas mesmas de forma habitual e se ademais ostentan cargos nos órganos de administración da sociedade.

A inscrición realízase na Tesorería Territorial Provincial ou Administración da Seguridade Social correspondente ó domicilio da empresa aportando a seguinte documentación:

- Impresos oficiais
- Fotocopia do alta no I.A.E.
- Fotocopia do DNI do solicitante
- No caso de cooperativas, certificado do Rexistro Xeral de Cooperativas.
- Para sociedades civís e comunidades de bens, contrato ou pacto de constitución e C.I.F.

O prazo para a súa realización será dos 30 días naturais seguintes á alta no I.A.E. Se o traballador autónomo non estivese previamente afiliado ó sistema de Seguri-

dade Social deberá realizalo conxuntamente ca alta no réximen de autónomos segundo o modelo oficial.

Búsqueda, selección e contratación do persoal: Os empresarios poden realiza-la selección dos seus traballadores libremente acudindo a:

- Axencias privadas de colocación sen ánimo de lucro.
- Empresas de traballo temporal (ETT) nos casos especificamente determinados pola lei.
- Empresas de selección de persoal. Sen regulación específica, centran a súa actividade na busca e selección de traballadores segundo o perfil requerido pola empresa.
- Instituto Nacional de Empleo (INEM) para contratacións xenéricas acollidas a medidas de fomento de emprego ou outras modalidades, se lle interesa á empresa acudir a este organismo oficial.

Na Xunta de Galicia creouse o Servizo Galego de Colocación, que trata de satisfacer con rapidez as ofertas de emprego que realizan os empresarios a través dun sinxelo procedemento baseado no cruce das ofertas e das demandas nos Servizos Centrais da Xunta de Galicia, en San Caetano.

Seleccionado o persoal, debe procederse á contratación formal do mesmo, segundo a modalidade de contratación elegida. Os contratos para os que a súa validez esixe a forma escrita deberán realizarse segundo o modelo oficial de contrato, a disposición do empresario nas oficinas do INEM.

Celebrado o contrato, subsiste a obriga de rexistrar nas Oficinas de Emprego, no prazo de dez días a partir da firma do mesmo, aqueles contratos que deban celebrarse obrigatoriamente por escrito (art. 6 RD 2720/98, 18 decembro); e de notificar, dentro do mesmo prazo, aqueles nos que non existe a dita obriga legal de formalización por escrito.

Afiliación dos traballadores á Seguridade Social: A afiliación é a primeira inscri-

ción dun traballador por conta allea no sistema da Seguridade Social. É única e vitalicia. O empresario está obrigado a solicita-la afiliación dos traballadores ó seu servicio, agás que xa estivesen afiliados con anterioridade. Nese caso, procederá a dalos de alta directamente no réxime xeral da S.S.

A afiliación solicitarase ante a Dirección Xeral da Tesourería Xeral da S.S. na que estea inscrita a empresa ou o centro de traballo, en nome de cada traballador e en folia individual segundo modelo oficial (modelo TA-1) por duplicado, fotocopia do DNI do traballador e declaración en caso de traballadores familiares. Esta documentación deberase presentar sempre con anterioridade ó inicio da prestación de servicios do traballador.

Permítese a remisión por correo da dita documentación ou por fax; nembargantes, con posterioridade entregaranse os orixinais na Tesourería. O documento, unha vez dilixenciado e rexistrado, será remitido pola Tesourería Xeral da SS. ó empresario.

Alta dos traballadores á Seguridade Social: Non debe confundirse este concepto co anteriormente analizado da afiliación. A alta ten lugar cada vez que un traballador inicia unha nova relación laboral: o empresario deberá solicita-la alta no réxime correspondente da Seguridade Social de tódolos traballadores que traballen na súa empresa.

Realizarase ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social onde conste a inscrición do centro de traballo coa presentación de:

- Copia do DNI do traballador.
- Impreso tarxeta TA-1 por duplicado para os traballadores de primeiro emprego.
- Copia tarxeta TA-1 se o traballador estaba afiliado con anterioridade.
- Impreso tarxeta para efectua-la alta do traballador no R.X. da S.S.
- Impreso por triplicado para traballadores que teñan persoas ó seu cargo.
- Tarxeta de identificación da empresa no réxime xeral da S.S.

Tódolos trámites para dar de alta ós

traballadores deberán realizarse dentro dos 5 días seguintes ó inicio da relación laboral.

Libros de matrícula e de visita: Existen obrigacións documentais laborais na vida dunha empresa, como a adquisición e tenencia debidamente legalizados dos seguintes libros laborais:

- Libro de matrícula de persoal: En cada centro de traballo con traballadores por conta allea deberá existir un libro de matrícula de personal a disposición da autoridade laboral no que deberán figurar tódolos traballadores que prestan ou prestaron os seus servicios nese centro.

- Libro de visitas: Trátase dun libro por cada centro de traballo, con ou sen traballadores por conta allea, para facer constar no mesmo as actas que levante a inspección de traballo nas súas visitas á empresa.

O empresario debe adquirilos en librerías autorizadas ou na propia Tesourería e legalizalos nas Inspeccións Provinciais de Traballo e Seguridade Social. Poderá autorizarse a substitución do libro de matrícula por outro sistema de documentación que ofrezca as mesmas garantías que aquél, ás empresas que o soliciten, xustificando a procedencia da substitución.

Comunicación de apertura do centro de traballo: Ante o inicio da actividade dunha empresa débese proceder a comunica-la apertura do centro de traballo. Esta comunicación faraa o representante legal da sociedade ou o empresario individual ante a Delegación Provinciais de Traballo, no prazo dos 30 días seguintes ó inicio da actividade aportando os datos segundo o modelo oficial, que recolle os datos referentes á empresa, centro de traballo, actividade que desenvolve a empresa e datos do cadro de persoal.

Calendario laboral: Anualmente a empresa elaborará o calendario laboral, debendo expoñer un exemplar do mesmo nun lugar visible de cada centro de traballo. O calendario laboral comprenderá o horario de traballo e a distribución anual dos días de traballo, festivos, descansos semanais ou

entre xornadas e outros días inhábiles, a tenor da xornada máxima legal ou, no seu caso, a pactada en convenio colectivo. O calendario laboral será visado pola autoridade laboral competente.

• Obrigas administrativas.-

A posta en marcha de toda actividade comercial, industrial ou de simple prestación de servizos está condicionada ó cumprimento dunha serie de obrigacións de natureza administrativa (licencias, autorizacións, inscrición en rexistros específicos...).

Dous factores dificultan a súa análise: por un lado, o feito de que as ditas obrigas administrativas varían en función do sector de actividade da empresa; e, por outra parte, a dispersión da normativa que as regula: normas nacionais, autonómicas e ordenanzas municipais de cada concello. Estes factores obrigan a abordar este apartado dun xeito moi xeral. A información precisa das obrigas administrativas de cada actividade pode atoparse na asociación empresarial do seu sector.

Ante o Concello:

- *Licencia de obras:* Calquera obra que afecte á estrutura ou fachada do local, que supoña unha ampliación, reforma ou nova construción dos locais onde se van a levar a cabo a actividade comercial ou industrial necesita contar coa oportuna licencia de obras. A concesión das ditas licencias corresponde ó Concello do termo municipal onde se vaian realiza-las obras, consonte ás ordenanzas do mesmo en materia urbanística.

A súa tramitación realízase ante a Concellaría de Urbanismo e Obras. Esta tramitación e a concesión levan aparelado o abono dunhas taxas e as obras non se poden iniciar ata concedida a licencia municipal, baixo sanción de paralización de licencia e obras ata demolición do construído ou reformado sen licencia. Se a licencia é concedida, cóntase cun prazo de seis meses para inicia-las obras.

A tramitación da mesma dependerá da envergadura das obras a realizar e com-

pre diferenciar entre:

(a) Licencia de obras menores: traballos de pequena entidade, necesarios para o simple acondicionamento dos locais e que se poden levar a cabo sen necesidade da intervención dun facultativo titulado. Inclúense:

- Obras interiores en edificios que non afecten a elementos estruturais do mesmo.
- Obras no exterior do edificio que non implique aumento das dimensións dos ocos da fachada xa existentes, nin afecten a elementos estruturais.
- Repaso ou reparación de elementos non estruturais do edificio; exclúense expresamente aquelas que impliquen o aumento da parte edificada do solar.

Documentación a presentar:

- Formulario municipal
- Memoria descritiva das obras
- Presuposto das mesmas, a prezos de mercado e desglosado por partidas e prezos unitarios.
- Planos a escala de planta e sección acotados, do estado actual do local.
- Planos a escala de planta e sección acotados das modificacións a realizar.
- Título de propiedade ou aluguer, nalgúns concellos se esixe.
- DNI do solicitante
- Se se modifica a fachada planos a escala e fotografías en color da mesma.
- Se se vai a introducir rótulo: dimensións, deseño e ubicación. En caso de ser luminoso algúns concellos esixen autorización dos veciños.

(b) Licencia de obras maiores: Obras de maior entidade que esixen a intervención dun facultativo titulado, que vise as obras, e que supoñan calquera tipo de alteración de elementos estruturais da edificación.

Documentación a presentar:

- Formulario municipal
- Proxecto realizado por técnico competente, visado polo colexio profesional correspondente e con dirección facultativa de obras.
- Título de propiedade do inmovible ou contrato de arrendamento, nalgúns concellos.

- Presuposto das mesmas, a prezos de mercado e desglosado por partidas e prezos unitarios.

- DNI do solicitante ou CIF e DNI do apoderado no caso de sociedades.

- Certificación de andamios se a súa colocación é necesaria.

- Tres fotografías en color, de 18 x 24 cm., se as obras afectan á fachada do edificio.

- Outras esixencias según dimensión obra.

Licencia de actividades e instalacións (apertura): Todo empresario que desexe iniciar calquera actividade deberá estar en posesión da correspondente Licencia Municipal de Actividades e Instalacións, máis coñecida habitualmente como licencia de apertura.

Para evitar investimentos inútiles, todo emprendedor debería realizar unha consulta previa ó Concello onde desexa instalarse das posibilidades de concesión da licencia para a actividade proxectada; así como sabe-lo tipo de licencia que lle correspondería solicitar e as taxas a abonar para a tramitación do expediente. Para elo na Concellería de Urbanismo ou organismo municipal correspondente deberá presentar instancia con referencia ampla ós datos do proxecto: clase de actividade, características do local, situación, etc.

Existen tres tipos de licencias segundo a actividade a desenvolver:

(a) Licencia de actividades inocuas. Todas aquelas non incluídas no regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas. A documentación necesaria a presentar é a seguinte:

- Formulario oficial (modelo B-1, actividades inocuas)

- Escritura de propiedade ou contrato de arrendamento do inmovible.

- Alta no IAE.

- DNI do solicitante se é persoa física ou escrituras de constitución, CIF e poder do solicitante no caso de sociedades

- Planos de planta e sección, acotados co máximo detalle posible.

- Plano de situación do local respecto ás rúas onde está ubicado

(b) Licencia de actividades clasificadas: Aquelas que necesitan instalación de forza motriz ou que causan riscos ou molestias, ou que superan dimensións determinadas nas ordenanzas municipais. Atópanse definidas no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas e se recollen nun nomenclátor incluído no dito regulamento. A documentación necesaria a presentar:

- Formulario oficial (modelo B-2, actividades clasificadas)

- Relación veciños colindantes

- Proxecto técnico das instalacións firmado por un técnico competente e visado polo Colexio Oficial que corresponda e con Dirección facultativa. Deberá incluír:

- Memoria descritiva

- Planos de planta e sección acotados

- Planos de emprazamento do local

- Presuposto a prezos de mercado de maquinaria e instalacións

- Plano de situación

- Relación maquinaria, indicando potencia

- Escritura de propiedade ou contrato de arrendamento do inmovible

- Alta no IAE

- DNI do solicitante se é persoa física ou escrituras de constitución, CIF e poder do solicitante no caso de sociedades

(c) Licencia de apertura de actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas: As actividades do dito establecemento non se poderán iniciar sen contar coa dita licencia, a que lle corresponda según a súa actividade. De facelo, córrese o risco de clausura e precinto do local e paralización da licencia en tramitación, ademais da sanción correspondente. Concedida a licencia, outórgase un prazo de seis meses para iniciarl a actividade e proceder á apertura do local.

Outros trámites ante a administración local. Destacan os seguintes:

- Autorización e rexistro do rótulo comercial

- Outros tributos municipais (imposto sobre bens inmovibles (IBI), imposto sobre construcións, instalacións e obras, taxa de

recollida de residuos sólidos urbanos (recollida de lixo), declaración incremento valor terreo de natureza urbana (plusvalías), imposto sobre vehículos de tracción mecánica

- Solicitud de ampliación ou modificación de licencias
- Cambios de titularidade na licencia de actividades
- Licencia de ocupación da vía pública para obras.
- etc..

Ante a Administración Autonómica

A Administración Autonómica é competente na concesión de certas licencias de instalación, rexistros específicos de actividades industriais e actividades clasificadas. Aínda que o estudio non vai deterse en cada unha das actividades que deben realizar trámites específicos ante as consellerías da Xunta de Galicia pola amplitude de la materia, si fará referencia a algúns importantes trámites, competencia da Administración Autonómica, e que afectan á xeralidade de actividades económicas.

Alta no Rexistro Industrial. Non se precisa autorización administrativa para a implantación de instalacións industriais, agás casos moi particulares recollidos no RD 2135/80, de 26 de setembro, sobre liberalización industrial. Non obstante, todo empresario, xa persoa física ou xurídica, está obrigado a inscribirse no Rexistro Industrial.

A competencia do Rexistro Industrial foi transferida á Xunta de Galicia, correspondendo a súa xestión á Consellería de Industria e Comercio, en concreto á Dirección Xeral de Industria.

A solicitud de inscrición deberá ser formulada polo empresario individual ou representante legal da sociedade, presentando a documentación seguinte:

- Solicitud por duplicado
- DNI do empresario ou CIF e escritura de constitución de sociedades
- Proxecto de instalacións firmado por un técnico, visado polo colexio que corresponda, ou escrito con descrición e características das instalacións.

Presentarase ante as Delegacións Provinciais da Consellería de Industria. O prazo para resolve-la instancia de inscrición é dun mes desde a súa presentación.

Trámites de calificación da actividade industrial. Asimesmo certas actividades industriais necesitan previamente á súa iniciación a calificación como actividades industriais. Realízase asimesmo ante a Dirección Xeral de Industria da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia.

Rexistro xeral sanitario de alimentos.

Certas actividades, fundamentalmente industrias alimentarias, necesitan obter da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais o correspondente Rexistro sanitario. Para elo, ademais da solicitud, dirixida ó delegado provincial da mencionada consellería haberá de acompañarse unha memoria descriptiva das instalacións e das actividades, xuntando os seguintes documentos:

- Planos de situación.
- Planos das instalacións.
- Deseño das etiquetas.
- Recibo do subministro de auga.
- Recibo de recollida de lixo.
- Autorización dos vehículos.

Ante o Rexistro Mercantil

As sociedades mercantís e aqueles empresarios individuais, que se inscriban voluntariamente, deben realizar anualmente unha serie de xestións ante o Rexistro Mercantil no que figuran inscritas.

Legalización dos libros de comercio e societarios. Segundo a modalidade societaria deberán levar unha serie de libros societarios e de comercio, xa analizados no apartado anterior, que deberán ser legalizados previamente á súa utilización no Rexistro Mercantil, onde a sociedade figura inscrita.

Depósito e publicación das contas anuais. Tódalas sociedades deberán presentar nos seis meses posteriores ó peche do exercicio económico as contas anuais: o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria para o seu depósito e publicación no Rexistro mercantil onde figuren inscritas.

Nomeamentos de administradores, auditores de contas e expertos independentes: Asimesmo xunto á inscrición da empresa deberán figurar inscritos os poderes notariais de nomeamento de administradores, auditores de conta e expertos independentes que nomee a sociedade para o seu funcionamento ordinario.

Ante outros rexistros públicos:

Asimesmo existen outros rexistros públicos, onde inscribir aspectos empresariais, entre os que destacan:

- O Rexistro da Propiedade Urbana. Nel inscribírase a titularidade dos bens inmo- bles e as cargas ós que estes estén sometidos: hipotecas, garantías, avais etc.

- O Rexistro da Propiedade Industrial. Organismo autónomo adscrito ó Ministerio de Industria encargado do recoñecemento e mantemento da protección rexistral da pro- piedade industrial, así como á difusión das innovacións tecnolóxicas rexistradas. No mesmo se rexistrarán :

- Patentes
- Marcas
- Modelos de utilidade
- Modelos industriais
- Debuxos industriais
- Nome comercial
- Rótulos de establecementos

Outros trámites ou xestións de carác- ter privado:

Ata aquí, os principais trámites neces-arios para a legalización da actividade empresarial a realizar. Con eles, o negocio podería abri-las súas portas ó publico e ini- cia-la súa actividade. Pero existe outra serie de xestións de vital importancia para o fun- cionamento da empresa que, sen ser de obrigada realización por lei, si o son de feito por esixencias do simple funcionamento da empresa.

Nalgúns casos a negociación ven determinada polo poder económico do inter- locutor co que se ten que tratar: empresas públicas cun monopolio ou grandes compa- ñas privadas; nestes casos, o promotor empresarial debe estar atento á “letra pequena” e coñecer desde o primeiro momento os costes e cargas administrativas

que lle impón a firma dos ditos contratos (telefonía, electricidade, etc...).

No resto debe xogar un papel impor- tante a negociación dos diferentes contratos: condicións, dereitos e deberes que se impo- ñen as partes, custos a asumir, etc...

Trámites específicos segundo o sector de actividade da empresa

Este apartado adicado ós trámites de constitución remata cunha breve recopila- ción daqueles trámites específicos a realizar segundo o tipo de actividade da empresa.

Actividades sometidas a autorización de apertura, instalación ou constitución:

- Autorización de apertura de bares, cafeterías, restaurantes e establecementos hoteleiros, de calquera categoría
- Autorización para a instalación e posta en funcionamento de centrais de alarma
- Apertura de establecementos obri- gados a dispoñer de medidas de seguridade
- Autorización de constitución de salas de bingo.
- Solicitud de título-licencia de axen- cias de viaxe
- Solicitud de concesión de expen- dedurías de tabaco e timbre do estado (estancos).

Rexistros especiais:

Actividades sometidas á obriga de Registro previo ó inicio das súas actividades en rexistros especiais do sector ou activida- de:

- Rexistro de empresas de espectácu- los públicos e actividades recreativas
- Rexistro de empresas editoriais
- Rexistro administrativo de empresas periodísticas e axencias informativas.
- Rexistro de empresas de seguridade.
- Rexistro de industrias agrarias.
- Rexistro de industrias e establece- mentos alimentarios.

3.2.- POLÍTICA DE INCENTIVOS

O estudo da política de incentivos para a creación de empresas divídese en tres apartados básicos: a descrición do Decreto 309/95, de 23 de novembro, que regula o réxime xeral de incentivos para o fomento da actividade empresarial; a actividade do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape); e, por fin, a enumeración doutros incentivos en materia de creación de empresas.

Normativa básica de incentivos

A norma básica en canto ós incentivos á creación de empresas é o Decreto 309/95, 23 de novembro, dictado pola Consellería de Economía e Facenda. Este texto ten como finalidade regula-lo réxime xeral dos incentivos para o desenvolvemento e fomento da actividade empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo doutras liñas de axudas que, no uso das súas competencias, teñan ou poidan establecer as distintas consellerías da Xunta de Galicia.

O dito Decreto (modificado por Decreto 95/99, de 8 de abril, en canto ó tipo de xuro que deba satisfacerlo beneficiario) establece o marco ó que deben axustarse as axudas públicas á actividade empresarial en Galicia.

Os incentivos económicos deste Decreto teñen como obxectivos fomentar e mante-la actividade económica, así como favorece-lo desenvolvemento equilibrado do territorio galego e lograr un incremento de emprego e da renda de poboación.

• Beneficiarios dos incentivos.-

Empresarios individuais, sociedades, asociacións e agrupacións de empresarios e entes públicos e privados que realicen actividades calificadas como incentivables. Socios actuais e futuros de sociedades mercantís.

Os beneficiarios deben ter radicado o

centro da súa actividade ou algún centro de traballo na comunidade autónoma de Galicia. No caso de axudas para actividades de comercialización, distribución, acordos tecnolóxicos e cooperación empresarial é suficiente unha vinculación directa ou complementariedade cunha empresa ou centro de traballo ubicado en Galicia.

• Actividades económicas que se incentivan.-

a) Extracción, procesamento, transformación e comercialización das producións agrícolas, pesqueiras, gandeiras e forestais.

b) Extracción, procesamento, transformación e comercialización de minerais e derivados.

c) Industria transformadora, comercio, servicios, turismo e artesanía.

d) Creación de redes de abastecemento, transporte, distribución e comercialización.

e) Electrónica, biotecnoloxía, robótica, telecomunicación e outras de avanzada tecnoloxía.

f) Investigación técnica e aplicada, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, normalización, homologación, certificación, xestión, control e mellora da calidade levada a cabo por calquera ente público ou privado.

g) Fabricación ou comercialización de bens de equipo ou unidades productivas relacionados coas actividades mencionadas.

Cando as actividades estean comprendidas en sectores regulados pola normativa da UE axustaranse ás súas normas específicas.

• Localización preferente.-

Poderán ter preferencia os beneficiarios que desenvolvan a súa actividade en:

a) Zonas afectadas pola crise dun sector industrial declarado en reconversión.

b) Zonas especialmente desfavorecidas donde exista un especial abandono de poboación.

c) Provincias de menor renda per cápita de Galicia.

d) Parques empresariais.

e) Zonas onde existan producións de materias primas, bens de equipo ou indus-

trias complementarias é exista tradición de fabricación sobre a actividade de que se trate.

f) Zonas onde a localización ven obrigada como consecuencia da explotación e aproveitamento de infraestruturas ou sectores de poboación.

• **Modalidades de axuda.-**

De acordo co seu destino, os incentivos comprenderán as seguintes axudas:

– Ó investimento: poderán ser realizadas en:

a) adquisición de terreos para a implantación do proxecto.

b) Traídas e acometidas de servizos.

c) Urbanización e obras exteriores.

d) Obra civil.

e) Bens de equipo e unidades funcionais de explotación independente.

f) Traballos e estudos de planificación, enxeñería de proxecto e dirección facultativa dos traballos.

g) Outras inversións en activos materiais.

h) Activos intanxibles ligados á inversión en contía non superior ó 25% da inversión total do proxecto.

– Temporais e de reestructuración: aquelas que por motivos sociais graves, estean destinadas a manter empresas con dificultades financeiras por un tempo non superior a seis meses.

– Á investigación e desenvolvemento (I+D):

– Á formación e contratación de persoal especializado.

– Á cooperación empresarial.

• **Modalidade dos incentivos económicos.-**

a) Subvencións a fondo perdido: O importe máximo neto de subvención poderá acadar o 60% do investimento en Lugo, Ourense e Pontevedra e na antiga ZID de Ferrol, e o 50% na provincia de A Coruña.

b) Subsidiación do tipo de xuro de operacións financeiras: a xestión destas axudas levarase a cabo mediante convenios que a Xunta, organismos e entes públicos poidan subscribir con entidades financeiras ou tamén directamente co beneficiario.

O tipo de xuro que deberá satisfacerlo

beneficiario despois de descontada a subsidiación será do 1% (modif. por Decreto 95/99, 8 de abril).

c) Participación en capital de sociedades. Nunca poderá exceder do 45% do capital social da sociedade participada.

d) Concesión de avais en garantía de créditos.

O Igape

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e, complementariamente, o XES-Galicia e o BIC-Galicia consideran que a implantación de novas iniciativas empresariais é un dos obxectivos básicos para xerar riqueza e crear emprego, polo que establecen uns instrumentos horizontais de apoio ás iniciativas empresariais para que ningún proxecto viable deixe de porse en marcha por falta de prestación de apoios económicos ou de servizos axeitados.

As actuacións dirixidas a incrementar a actividade empresarial en Galicia enmárcanse, por unha banda, no fomento á implantación de novos proxectos empresariais que desenvolvan tanto as empresas galegas como capitais procedentes do exterior e, por outra banda, no apoio á potenciación da cultura emprendedora que posibilita a aparición de novos empresarios.

Os obxectivos que consideran os “*Plans de actuación do Igape, XES-Galicia e BIC-Galicia. Período 2000-2003*”, respecto ós emprendedores, recóllense no **cadro 3.2.1.**

O obxectivo de apoio ás iniciativas emprendedoras ten a seguinte asignación de recursos:

1. Programa de Novas vocacións empresariais. Emprendedores: 3.054,3 millóns de pesetas.

A dita cantidade ten como finalidade a prestación de servizos para fomentar novas vocacións empresariais.

2. Investimento empresarial: 36.722,2 millóns de pesetas.

Os emprendedores poden acceder a

Cadro 3.2. 1.

Obxectivo final	Obxectivo intermedio	Programas	Accións	Instrumento/organismo
CREACIÓN DE RIQUEZA E EMPREGO	Investimento empresarial en novas actividades: Proxectos de avanzada tecnoloxía que aporten vantaxes competitivas para o seu sector ou para outras empresas	Subsidiación de intereses	Convenio <i>pemes</i> <i>Leasing</i> Convenios minorista e artesanía	Igape
		Subvención non retornable	Incentivos rexionais	Mº Economía
			Orden apoio ó investimento e creación de emprego	Igape
		Participación de capital	Participación directa	XES-Galicia Sodiga Emprende Adiante
		Concesión de préstamos	Participativos	XES-Galicia
			Proxectos estratéxicos Emprendedores Circulante	Igape/Inesga
		Concesión de avais	Garantía subsidiaria/solidaria	Igape/SGR's
	Apoio a iniciativas emprendedoras	Servicios de apoio e fomento de novas vocacións empresariais	Divulgación e selección Formación Financiamento Incubadoras (CIES) Seguemento e apoio Colaboración e cooperación coa Universidade e outras institucións	Igape BIC XES-Galicia SGR's Universidade C. Familia e outras institucións
	Formación	Para empresas existentes: Pimega	Fase de mentalización e formación específica	Igape
		Para novos emprendedores	Fase de formación e elaboración do proxecto	
		Bolsas formación	Bolsas en prácticas Bolsas de comercio exterior no estranxeiro Bolsas para doutores Bolsas de formación de especialistas	
		Introducción de novos coñecementos na empresa	Contratación de persoal altamente especializado	
		Organismos intermedios	Formación especializada de persoal	

axudas económicas incluídas neste programa para implantación dos seus proxectos. No 67% desta cantidade están incluídas as dotacións dos fondos do capital risco, entre eles o Emprende, orientado a favorecer a creación de novas empresas innovadoras ou impulsadas por emprendedores. Nos programas de subvencións a fondo perdido para o

fomento do emprego estable hai un apoio ós novos emprendedores.

Teñen consideración prioritaria os novos proxectos empresariais, sobre todo cando a súa implantación en Galicia aporte vantaxes competitivas para o sector e outras empresas. Os factores decisivos para deter-

minar os niveis de apoio son:

- Localización territorial
- Nivel de emprego xerado
- Actividade nun sector estratéxico, segundo o PEDEGA
- Emprego de materia primas autóctonas
- Cooperación con outros proxectos
- Expansión da empresa no exterior, repercutindo na economía de Galicia

As principais accións de apoio son:

- Subvencións a fondo perdido
- Subsidiación de xuros de préstamos para novos proxectos empresariais
- Financiamento mediante participacións no capital e préstamos participativos
- Fondo Emprende: proxectos de novos emprendedores ou iniciativas innovadoras.
- Operacións de garantía.
- Prestación de servizos
- Habilitación de infraestruturas e realización de actividades en materia de apoio á actividade económica.

Salvo aquela axudas que gocen de regulación específica no ámbito da UE, o importe máximo da subvención a conceder, en termos de subvención neta equivalente non poderá superar o 40% do custo do proxecto.

• **Apoio ás iniciativas emprendedoras.-**

O Igape, por medio de seu programa Lanza, XES-Galicia, a través do fondo de capital risco *Emprende*, orientado a proxectos de emprendedores que acaden unha determinada dimensión, e BIC-Galicia prevén incentivar as subvencións en servizos que melloren a presenza e creación de empresas de xoves emprendedores, potenciando actuacións permanentes na detección e selección de proxectos de potenciais emprendedores, baseando as súas novas iniciativas sobre elementos de innovación que permitan a mellora competitiva.

O Igape converterase nunha empresa de servizos integrais para o apoio directo nas fases de implantación da actividade empresarial. Prevese chegar a 12.500 potenciais emprendedores no período 2000-2003 e a creación de 96 novas empresas.

As liñas de actuación son as seguintes:

1. Difusión da cultura emprendedora en todo o territorio da Comunidade Autónoma: por medio de seminarios, premios a iniciativas empresariais, proxecto *Emprende* na escola, simulador empresarial e foros sobre iniciativas de apoio á creación de empresas.

2. Apoio directo a implantación de proxectos empresariais: Facilitando formación e titorías para a elaboración dos plans de empresa e a súa posterior posta en marcha (programa Lanza), coa organización de seminarios de planificación empresarial ou mediante os Spin-Off (intraemprender para a creación de novas empresas), que teñen por obxecto a detección e apoio de proxectos viables a partir de ideas desenvolvidas noutras empresas, así como a prestación de servizos integrais para a súa posta en marcha.

3. Creación de estruturas para a creación de novas empresas: Centros de Iniciativa Empresarial (CIEs): Os CIEs actuarán como viveiros dotados de servizos loxísticos, ofimáticos, de oferta de servizos especializados para as empresas aloxadas ou para empresas do entorno, etcétera. No ano 2001 prevese que esté operativo o CIE do Porriño, en colaboración co Consorcio da Zona Franca de Vigo.

No ano 2000, BIC-Galicia elaborará un estudo dirixido a identifica-las iniciativas existentes na actualidade, valorando a súa adecuación ás necesidades de resposta que deben ser atendidas desde o Igape.

• **Outros apoios.-**

De forma excepcional, poderán concederse prestamos directos de apoio ó circulante na creación de empresas ou novos proxectos empresariais en actividades de interese estratéxico para Galicia e que polas súas especiais características requiran este tipo de apoio público.

• **Marco normativo.-**

As actividades de apoio ás iniciativas empresariais están sometidas ó Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia. O dito Decreto debe ser compatible coa nor-

mativa europea e debe axustarse ós límites de intensidade autorizados a Galicia no Mapa Rexional de Axudas de España para o período 2000-2007.

• Programa de apoio ó investimento para a creación, ampliación e modernización de empresas.-

Este programa destínase, entre outros obxectivos, a apoiar-la implantación en Galicia de novos proxectos empresariais de investimentos e xeradores de emprego. Priorizaranse os apoios a novos proxectos empresariais cando sexan necesarios para engadir vantaxes competitivas á súa implantación en Galicia, así como os proxectos de investimentos en novas actividades de avanzada tecnoloxía.

Accións:

- Subvencións a fondo perdido: Coa consideración de complementaria dos Incentivos Rexionais. Aquela actividades non subvencionables polos Incentivos Rexionais, pero que teñan interese estratéxico para Galicia, poderán ser obxecto de especial consideración polo Igape.

- Subsidiación ó tipo de xuro: Destinado principalmente a *pemes* cando se trate de novos proxectos empresariais. Estas axudas materializaranse a través de convenios coas entidades financeiras: convenios PEMEs, convenios *Leasing*, convenios Comercio Minorista e convenios Singulares.

As empresas non *pemes* que non podan ser atendidas no Inesga poderán establecer convenios singulares cando aborden proxectos de interese estratéxico en canto á localización do mesmo e diversificación da súa actividade.

- Aportacións a sociedades e fondos de capital risco: fondo Emprende.

- Operacións financeiras:

1. Préstamos directos a grandes proxectos empresariais que teñan un período de maduración a medio-longo prazo e conleven un impacto económico para Galicia de gran relevancia.

2. Préstamos directos a iniciativas

innovadoras que, tendo viabilidade, requiran dun período de consolidación previo, que lles dificulte o acceso o crédito en condicións normais de mercado.

3. Préstamos directos para a creación de empresas e posta en marcha de novos proxectos empresariais de apoio ó circulante en actividades de interese galego e que, polas súas especiais características, requiren deste tipo de apoio público.

O órgano xestor deste programa é o Igape. Área de financiamento. Subdirección de Xestión de Incentivos a Dinamización Económica.

• Programa de apoio ás iniciativas emprendedoras.-

O obxectivo central do programa é incrementar a medio e longo prazo o ritmo de creación de empresas en Galicia, así como a calidade dos novos proxectos empresariais que xurdan, poñendo especial énfase en facer chega-las actuación a todo o territorio da Comunidade Autónoma e en incrementar as vocacións empresariais, en particular as procedentes do ámbito universitario.

Accións:

O plan estrutúrase en 3 eixes ou liñas de actuación arredor das que se artellan as diferentes medidas propostas.

- Liña 1: Difusión da cultura emprendedora.

- A) Seminarios de difusión da cultura emprendedora. Seminarios de curta duración que teñen por obxecto fomentar as inxerencias empresarias dentro da sociedade.

- B) Premios de iniciativa empresarial. Concurso orientado á captación de emprendedores con ideas a desenvolver e/ou con plans de empresa elaborados

- C) Programas especiais de divulgación. Edición de publicacións e materiais en diversos soportes (papel, CD-ROM, vídeo,...) sobre a creación de empresas e o fomento da cultura emprendedora.

- D) Sistemas de detección de oportunidades de negocio. Acción encamiñada a estudar sistematicamente un mercado (área xeográfica ou sector) e tratar

de identificar e explora-las oportunidades de negocio existentes.

E) Emprender na Escola. Proxecto que ten por obxecto simula-la creación e funcionamento de pequenas empresas en entornos educativos diversos, utilizando, preferentemente, simuladores informáticos.

F) Simulador empresarial. Concurso baseado nun xogo de empresas a través de internet, co fin de fomenta-la cultura emprendedora, facilita-la aprendizaxe de habilidades directivas e difundir-lo uso das tecnoloxías da información.

G) Foro sobre iniciativas de apoio á creación de empresas. Celebración dunhas xornadas internacionais de intercambio de experiencias entre entidades involucradas no fomento da creación de empresas.

- Liña 2: Apoio á implantación de proxectos empresariais:

H) Formación e titorías para a elaboración de plans de empresas (Programa LANZA). Acción consistente nun conxunto de servizos de formación, titoría e asesoramento para a elaboración dun Plan de Empresa e a súa posterior posta en marcha

I) Seminarios de planificación empresarial. Actuación baseada nun conxunto de servizos de formación e titoría para 1) elaboración dun Plan de Empresa para os proxectos sinxelos ou 2) o test da idea para os proxectos complexos ou innovadores.

J) "Spin-off" ("intraemprender" para a creación de novas empresas). Iniciativa que ten por obxecto a detección e apoio de proxectos empresarialmente viables a partir de ideas desenvolvidas en centros tecnolóxicos, universidades, empresas...

- Liña 3: Creación de estruturas para a creación de empresas.

K) Centros de Iniciativa Empresarial. Creación de incubadoras de empresas que permitan o desenvolvemento de proxectos empresariais ofrecendo ós seus promotores unha ampla gama de servizos de apoio, así como un espazo axeitado para a súa implantación a pre-

zos máis favorables que os de mercado.

L) Plataforma de Teleformación. Desenvolvemento dunha plataforma virtual para a xestión administrativa dos programas de formación e asesoramento, así como para dar soporte técnico ás accións de teleformación.

M) Rede de axentes intermedarios. Conxunto de accións de formación, información e comunicación destinadas a mellora-las capacidades de colaboración dos integrantes da rede de axentes intermedarios dos programas de emprendedores do Igape.

Os órganos xestores destas iniciativas son:

- Igape. Área de promoción, innovación e información especializada. Subdirección de difusión tecnolóxica e plans estratégicos empresariais.

- BIC-Galicia, S.A.

Outros incentivos

Dentro do marco competencial, en canto a incentivos en materia de creación de empresas, das distintas Consellerías da Xunta de Galicia, ademais dos estudados, cómpre destaca-la regulación que ó respecto realizan a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e a Consellería de Industria e Comercio.

• Axudas da Consellería de Familia.-

A Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude desenvolve, por medio de ordes, tódalas axudas e subvencións a conceder co obxecto de incentiva-lo emprego. E, coa finalidade de unificar todas elas, en canto ós aspectos formais de presentación de solicitudes, tramitación, valoración e resolución, dicta o Decreto 377/1998, do 23 de decembro, polo que se establece o réxime xeral das axudas e subvencións da dita Consellería.

Esta normativa dítase dentro do marco delimitado polo Estatuto de Autonomía para Galicia, que establece, no seu artigo 29.1º, que corresponde á Comunidade

Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as funcións e servizos que neste ámbito e nivel de execución ten actualmente o Estado. Cabe sinalar, así mesmo, os traspasos de funcións e servizos da Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ó Traballo, da xestión da formación profesional ocupacional e no ámbito do traballo, o emprego e a formación, asumidos pola Comunidade Autónoma nos Decretos 168/1984, de 15 de novembro, 69/1993, de 10 de marzo, e 289/1997, do 9 de outubro, respectivamente.

Dentro do ámbito de aplicación do dito Decreto 377/98, concrépanse especificamente cales son, en concreto, as medidas activas de emprego:

- a) Axudas para a impartición de cursos de formación ocupacional, así como para a realización de actuacións en materia de avaliación e cualificación profesional e no referente á formación de formadores.
- b) Axudas para a realización de accións de inserción e orientación profesional e asistencia para o emprego.
- c) Axudas para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación.
- d) Axudas para a creación de escolas obradoiro, casas de oficios e unidades de promoción e desenvolvemento.
- e) Axudas ó fomento da contratación e á creación de postos de traballo.
- f) Axudas á promoción da economía social.
- g) Axudas á integración laboral das persoas con discapacidade.
- h) Axudas ó fomento do emprego no ámbito local e rural.

Cada Orde de convocatoria deberá conte-la aplicación orzamentaria á que se imputa a subvención, o obxecto, condicións e finalidade das mesmas, requisitos dos beneficiarios, documentos e informacións que deben xuntarse, órganos competentes para a resolución, prazos de presentación e de resolución dos expedientes, contía, xeito de determina-la contía da subvención e, se é o caso, posibilidade de conceder anticipos dela, prazo e forma de xustificación por aporte do beneficiario dos fondos recibidos

e, se é o caso, dos librados en concepto de anticipos.

En tódalas Ordes de desenvolvemento establécense os requisitos e os límites para a percepción das axudas:

- O cumprimento por parte dos beneficiarios das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

- O importe das subvencións ou axudas non poderán superar, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade subvencionada nin o límite legalmente establecido.

– A Orde 30 de setembro de 1999 pola que se regulan as axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito de colaboración da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e as entidades locais a través dos programas de cooperación ten por obxectivo potencia-lo papel das entidades locais como motores da creación de emprego e apoiar decididamente a constitución de pequenas e medianas empresas, a diversificación de actividades e un crecemento económico sostido.

A función das axudas e subvencións é a contratación ou prórroga de contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local a tempo completo a través de programas de cooperación, como instrumento para promove-la xeración de emprego no contorno local.

Estos axentes de emprego son traballadores das entidades locais, ou de entidades dependentes delas ou vinculadas a unha Administración local, que teñen como misión principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial. Esa colaboración desenvólvese no marco de actuación conxunta e acordada

da entidade contratante e a Consellería convocante.

A contía da subvención equivale ó 80% dos custos laborais totais do axente de emprego e desenvolvemento local, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por tódolos conceptos, establecéndose uns límites en función da súa titulación e experiencia profesional:

- De ter superado o 2º ciclo de estudos universitarios, 3 anos de experiencia ou teña feito algún curso de posgrado en materias relacionadas coa súa función: 4.500.000,- de ptas. anuais.

- Cando teña superado o 2º ciclo en calquera disciplina: 4.000.000,- ptas anuais.

- No caso de que teña superado o 1º ciclo : 3.500.000,- de ptas. anuais.

A subvención concederáse por un período dun ano, prorrogable ata catro anos máis.

Se a entidade solicitante percíbise algunha outra subvención para o mesmo concepto, outorgada por outra Administración ou entes públicos ou privados, a cantidade resultante non poderá supera-lo 100 % dos custos salariais totais do axente de emprego, incluída a cotización á Seguridade Social.

- *A Orde 28 de decembro de 1999 pola que se regulan axudas e subvencións para o fomento do emprego, a través dos programas de colaboración con entidades locais* ten por finalidade ó financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais ou entidades dependentes ou vinculadas a unha Administración local.

As liñas de axuda consisten na subvención ás entidades locais que contraten:

- Traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.

- A prestación de servizos públicos con empresas creadas nos últimos 3 anos que cumpran algun dos seguintes requisitos:

- a) Que teñan cualificación de iniciativas de emprego e que xeraren emprego estable para tres desempregados.

- b) Que se trate de centros especiais de emprego.

- c) Que se trate de empresas de economía social dirixidas e constituídas, preferentemente por algún dos seguintes colectivos:

- Menores de 30 anos.

- Mulleres.

- Traballadores coa condición de parados de longa duración.

- Traballadores que participasen nalgún obradorio de emprego ou curso de formación sobre a actividade que presta a empresa constituída.

A primeira das subvencións relacionadas consiste no financiamento dos custos salariais dos traballadores contratados ó abeiro desta orde. Estes custos inclúen a cotización á Seguridade Social por tódolos conceptos na mesma cantidade cá fixada para o salario segundo o convenio vixente, por cada traballador desempregado contratado. Esta cantidade reducirase proporcionalmente segundo a xornada realizada, en caso de contratos a tempo parcial.

Para a segunda das subvencións, entenderase por entidade de economía social das que se poderá subvencionar a súa contratación as seguintes:

- As cooperativas de traballo asociado e as sociedades laborais nas que alomenos a metade dos seus socios traballadores pertencen a algún dos colectivos ós que se refire esta subvención.

- Os autónomos que, pertencendo a algún dos citados colectivos, teñan contratados, como mínimo, dous traballadores por conta allea, dos que alomenos un estea incluído nun destes colectivos.

Poderán ser beneficiarios desta subvención as entidades locais ou entidades vinculadas ou dependentes dunha Administración local que se obriguen á contratación ou a prórroga da contratación da prestación de servizos públicos de interese xeral e social coas entidades previstas anteriormente, sempre que:

- a) A entidade local non rescindise nos tres anos inmediatamente anteriores un contrato co mesmo obxecto.

b) A duración mínima do contrato sexa igual ou superior ós seis meses.

c) Que se respete a lexislación vixente en materia de contratación administrativa.

A contía da subvención consiste no financiamento de ata o 80% do custo total da contratación do servizo, co límite máximo de 1.500.000 pesetas por emprego estable creado, socio ou traballador contratado.

Cando a contratación se realice con empresas dirixidas e constituídas, preferentemente, con xoves que participaran como alumnos nunha escola obradoiro ou casa de oficio subvencionada nos 3 últimos anos pola Consellería de Familia ou ben en obras ou servizos de interese xeral ou social, a subvención poderá financia-lo 100% do custo total da contratación do servizo, respetando o límite anteriormente establecido.

Se a entidade recibise calquera outra subvención, a cantidade total non poderá supera-lo 80%, segundo proceda do custo total da contratación.

– Mediante a *Orde de 8 de febreiro de 2000, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de actividades de orientación profesional para o emprego e asesoramento para o autoemprego*, a Consellería de Familia (...) pretende poñer en marcha un sistema de orientación laboral, baseado en accións de formación, orientación, busca activa de emprego e asesoramento para o autoemprego, coa finalidade de melloralas ocupabilidade dos demandantes de emprego. Este sistema considera a colaboración de entidades especializadas para incrementala capacidade e a calidade das accións, o seu achegamento ós usuarios e a atención a colectivos específicos.

As accións do programa de orientación profesional para o emprego, levadas a cabo pola Dirección Xeral de Formación e Colocación a través do Servizo Galego de Colocación, realizaranse de xeito personalizado, para perfila-lo curriculum de cada demandante, actuando sobre as súas aptitudes e capacidades e establecendo actuacións tendentes a adecualos seus intereses

e motivacións á situación actual do mercado de traballo. Tamén poderán desenvolverse accións colectivas dirixidas á adquisición das capacidades básicas que permitan ós demandantes articular itinerarios activos e eficaces na busca de emprego.

O programa de asesoramento para o autoemprego, a través dos mesmos órganos que o antedito, levará a cabo accións de asesoramento para os emprendedores que así o soliciten de acordo coa Orde. Consideráse emprendedor aquela persoa física que teña a vontade de crear, polo menos, o seu propio posto de traballo, preferentemente a través de fórmulas de economía social.

Os beneficiarios do programa de información e orientación laboral son tódolos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego, ben cando o soliciten expresamente, ben cando lle sexa ofertado polo propio servizo.

Os beneficiarios dos programas de asesoramento para o autoemprego son tódolos demandantes de emprego inscritos nese servizo.

A contía das subvencións terán por obxecto subvencionarlas retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por tódolos conceptos de persoal necesario para a execución das accións, en función do convenio colectivo aplicable, ou de acordo coa normativa de aplicación para funcionarios de acordo coa contía seguinte:

a) Técnicos: ata un máximo de 4.000.000 pesetas por ano.

b) Persoal de apoio: Máximo 2.500.000 ptas/ano.

Subvencionarase ata un total do 10% do total da subvención aprobada, en concepto de gastos xerais, materiais, técnicos, axudas de custo, e desprazamentos que se xeneren polo desenvolvemento das accións recollidas na Orde.

As retribucións son referidas a servizos de xornada completa.

O pagamento farase en tres prazos: o 50 % inicial farase cando se xustifique o inicio da actividade. Do 50% restante: o 25% cando a entidade colaboradora teña xustificado gastos polo dito importe e unha vez finalizadas as accións librarase o 25% restante.

– A Orde de 4 de febreiro de 2000, pola que se establecen os programas de fomento do emprego en empresas de economía social, para a promoción do emprego autónomo e para a integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e traballo autónomo, ten por finalidade establece-las axudas e subvencións promovidas pola Consellería para apoiar o emprego en cooperativas e sociedades anónimas laborais, incentivar o traballo autónomo por conta propia así como promover a integración laboral das persoas con discapacidade a través dos seguintes programas:

a) Programa de fomento de emprego en cooperativas e sociedades anónimas laborais.

b) Programa de apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego.

c) Programa de promoción de emprego autónomo.

d) Programa de promoción do emprego autónomo de persoas con discapacidade.

Respecto ó primeiro programa, poderán ser beneficiarios as cooperativas e sociedades anónimas laborais que teñan o seu domicilio na comunidade autónoma de Galicia e estean debidamente inscritas, e/ou os seus socios traballadores.

As axudas deste programa son:

a) Para a adquisición de condición de socio traballador: ata 600.000 ptas, menores ou maiores de 25 anos parados de longa duración e que non reciben este tipo de axudas nos 4 últimos anos.

b) Pola incorporación de socios traballadores ou de traballo: a contía é de 500.000 pesetas por cada persoa que se incorpore a xornada completa como socio dunha cooperativa ou sociedade laboral. No suposto de persoas vinculadas á empresa por contrato de traballo temporal, a axuda será de 500.000 ptas. por socio, co límite de 10

socios por entidade beneficiaria. No caso de desempregados minusválidos a axuda será de 1.500.000 ptas.

c) Para a asistencia técnica: Poderá ser subvencionada ata o 50% e non poderá supera-la contía de 3.000.000 ptas. por cooperativa e sociedade laboral, xa se trate de unha ou varias modalidades de asistencia técnica. A entidade beneficiaria deberá xustificar a necesidade dela e a dificultade para facer fronte ó seu pagamento cos medios propios.

d) Subvención financeira: Ten por finalidade facilita-lo emprego nas entidades de economía social mediante a redución de xuros de préstamos para financiar investimentos en activo fixo, concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Familia a nome das cooperativas ou sociedades laborais. Se se trata de sociedades ou cooperativas que leven menos dun ano de funcionamento poderá destinarse ata un 25% do préstamo a financiar-lo activo circulante.

O importe máximo serán 500.000 ptas. por socio traballador ou de traballo integrante da cooperativa ou sociedade laboral do que o posto de traballo non fose tido en conta con anterioridade para a concesión deste mesmo tipo de axuda.

e) Axuda excepcional : Concédense as cooperativas de traballo de nova creación cando estean constituídas exclusivamente por mozos menores de 30 anos, nunha contía de ata 500.000 ptas. por socio traballador, pola creación do seu posto de traballo, que se determinará en función do investimento en activos fixos. O requisito da idade entenderase cumprido cando a totalidade dos socios traballadores sexan menores de 30 anos, con independencia da dos socios doutro tipo que poidan formar parte da cooperativa de traballo asociado ou da sociedade laboral.

– A Orde de 18 de febreiro de 2000, que establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de actividades de orientación profesional para o emprego e asoramento para o auto-emprego, ten como beneficiarios, no primeiro caso, os demandantes de emprego inscri-

tos no Servizo Público de Emprego, ben cando o soliciten expresamente, ben cando lles sexa ofertado polo propio servizo. No segundo caso, poden ser beneficiarios todos os demandantes de emprego inscritos no antedito servizo.

A contía das subvencións será:

- a) Para os técnicos, ata un máximo de 4.000.000 pesetas por ano.
- b) Para o persoal de apoio, ata un máximo de 2.500.000 ptas/ano.
- c) Subvencionarase ata un 10% do total da subvención aprobada en concepto de gastos materiais, xerais, técnicos, axudas de custo e desprazamentos.

• Os programas da Consellería de Industria.-

Dentro dos plans e programas de fomento do desenvolvemento industrial e tecnolóxico, a Consellería de Industria dicta o Decreto 151/1984, de 13 de setembro, que establece medidas de fomento e promoción de empresas en Galicia, modificado polo Decreto 39/1989, de marzo (o art. 6.2) e polo Decreto 169/1993, de 15 de xullo (o art. 2.1).

Beneficiarios: Poden acceder ós incentivos previstos aqueles proxectos de creación e instalación de novas empresas, así como os de mantemento das xa existentes, que contribúan ó desenvolvemento de Galicia.

Beneficios a aplicar: Distínguense tres tipos de beneficios.

1. Subvención ó xuro: consiste nunha subvención de ata 8 puntos dos tipos de xuro dos préstamos que, para investimentos ou circulante, as empresas concerten coas entidades financeiras privadas. No caso de préstamos para o circulante deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que os créditos bonificados non teñan unha duración máxima superior a un ano.
- b) Que os créditos bonificados non se concedan para un só produto e non estean vinculados a unha única operación.

Os ditos beneficios axustaranse ós

convenios de axudas financeiras ás *pemes* que formalice ou formalizase a Administración autonómica con estas entidades financeiras.

2. Subvención ó investimento:

a) Subvención básica ata o 10% do investimento en capital fixo (non poderá exceder das porcentaxes establecidas no Decreto)

b) Suplemento de subvención de ata o 5% do investimento en capital fixo cando as actividades as que se refire o proxecto estean comprendidas entre as clasificadas como preferentes.

c) Suplemento de subvención de ata o 5% da inversión en capital fixo cando o proxecto se execute en zonas calificadas de preferente localización.

3. Avais: Poderán concederse avais ás empresas que resulten beneficiarias, sempre dentro dos límites das leis de presupostos e do Texto Refundido da lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Investimentos en capital fixo: Ós efectos previstos no punto 2º antedito, consideraranse investimentos en capital fixo os seguintes conceptos:

a) Adquisición de terreos a título oneroso para a realización do proxecto. Deben xustificarse a súa superficie e o prezo. Quedan excluídos os terreos propiedade do solicitante ou dos socios da entidade á data da solicitude.

b) Acondicionamento e urbanización dos terreos xustificando previamente a necesidade das obras e custo de execución.

c) Edificacións directamente empregadas na actividade previa xustificación da súa necesidade para a explotación e ós prezos que se xustifiquen ante a Administración.

d) Maquinaria e instalacións comprendidas no proxecto, previa xustificación do prezo de adquisición, transporte, seguro e calesquera outros gastos que se orixinen ata a súa incorporación física á empresa.

e) Elementos especiais de transporte exterior. A especialidade entenderase xustificada cando a súa adecuación ó uso pola empresa esixa unha fabricación ou carrozado singulares ou por encargo. Quedan excluídos os elementos móbiles de transpor-

te exterior pertencentes a empresas que se adiquen a esta actividade prestando servizos a terceiros.

f) Elementos de transporte interior.

g) Enxeñería do proxecto e dirección de obra con arreglo ás bases colexiais vixentes no momento da súa aprobación.

h) Enxeñería do proceso, xustificando a necesidade deste investimento así como da súa contía.

i) Enxeñería do produto. Deberá xustificarse este investimento ante a Administración e incorporarse na súa totalidade ó activo do balance da empresa, formando parte do seu patrimonio, de forma que poda cedela e explotala mediante contrato.

j) Outros investimentos productivos necesarios para a iniciación da actividade.

Actividades de carácter preferente:

a) Explotación de recursos propios: industria de pedra natural; fabricación de produtos cerámicos; industria agraria, pesqueira e alimentaria; extracción e preparación de minerais; curtición e acabado de coiros e peles; industrias da madeira; novas enerxías e minicentrales hidráulicas.

b) Industrias intensivas en man de obra; confección en serie de prendas de vestir, complementos de vestido e industria auxiliar; xoiería; fabricación de bens de equipo; fabricación, montaxe e carrozado de vehículos, industrias de maquinaria agrícola e pesqueira.

c) Industrias de tecnoloxía avanzada: fabricación material electrónico, telemática, robótica, ordenadores e máquinas auxiliares, biotecnoloxía, industria química e farmacéutica.

Localizacións preferentes: De acordo co seguinte orde, teñen preferencia as actividades que se instalen en :

1º. Zonas afectadas por crise dun sector industrial declarado en reconversión.

2º. Polígonos industriais existentes en zonas industriais definidas nos plans urbanísticos municipais.

3º. Zonas rurais nas que a industrialización contribúa a corrixi-los desequilibrios territoriais internos da comunidade autónoma.

4º. Tódolos procesos productivos e industriais nos que a súa localización veña

obrigada como consecuencia dunha explotación racional son considerados como de localización preferente.

Fixación de beneficios: Para a fixación dos beneficios deberá terse en conta: a natureza das actividades a desenvolver, sobre todo aquelas que pechen un ciclo productivo en Galicia, a súa localización, a incorporación de tecnoloxías avanzadas, a calificación dos proxectos e o número de postos de traballo que orixina a execución do proxecto.

Pago da subvención:

a) Un 50% despois de realizarse un 50% da inversión.

b) O 50% restante, unha vez realizada a totalidade da inversión.

c) Cando se trate de empresas viábles en crise, a subvención dos estudos de viabilidade facerase efectiva dentro dos dous meses seguintes á concesión da subvención pola Xunta, e a subvención de explotación pagarase nos prazos que se determinen.

Creación de empresas:

Os proxectos de creación deberán cumprilas seguintes condicións:

1º. Que os investimento obxecto do proxecto non entrasen en produción comercial na data de solicitude dos beneficios, e non se iniciasen con data previa ós seis meses anteriores en que se presente a solicitude.

2º.- Que adopten a personalidade xurídica previamente ó pago ou materialización efectiva da axuda correspondente.

3º. Que, unha vez executado o proxecto, a empresa reúna as seguintes características:

a) Mínimo de 15 traballadores no cadro de persoal.

b) Se se trata de industrias agrarias, pesqueiras ou alimentarias, abonden 5 produtores.

c) Domicilio fiscal en Galicia.

d) Investimentos ubicados en Galicia, excepto os investimentos complementarios que sirvan de soporte á comercialización de produtos e servizos.

Grupos de incentivos

Este apartado adicado ós incentivos complétase cunha **compilación** dos máis significativos relativos á posta en marcha de novas empresas ou consolidación das xa existentes, clasificados en 22 grupos, segundo están recollidos na “**Guía práctica para a creación de empresas**”, publicada pola Dirección Xeral de Formación e Emprego da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Estes incentivos son os seguintes:

• Agricultura

- Subvencións para o establecemento de novas cooperativas agrarias.
- Adquisición de novos equipos informáticos para cooperativas agrarias ou sociedades agrícolas.
- Axudas para a mellora estrutural e modernización das explotacións agrarias.
- Axudas para o fomento do asociacionismo cooperativo xuvenil agrario.
- Promoción de novas tecnoloxías en maquinaria e equipos agrarios.
- Axudas á apicultura.
- Promoción e comercialización de produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
- Axudas á mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios.

• Apicultura

- Axudas á apicultura.

• Artesanía

- Axudas para o sector artesanal galego.

• Asesoramento e asistencia

- Asistencia técnica relacionada con estudos de viabilidade e auditorías para cooperativas agrarias.
- Axudas á apicultura.
- Promoción e comercialización de produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
- Mellora da competitividade do sector téxtil e da confección.
- Axudas a investimentos, estudos e xestión de residuos industriais para mellora-lo medio ambiente.

- Medidas de estratexia para potenciar accións de emprego no sector agrario.

- Fomento de emprendedores de iniciativas empresariais. Programa Lanza.

- Subvencións a fondo perdido para a mellora da produtividade das empresas. Plan Pimega.

- Axudas á calidade.

- Axudas correspondentes ó Programa "Apoio I+D Industrial. Tecnoloxías industriais" (PGIDT).

- Axudas á realización de proxectos de investigación empresarial en tecnoloxías de investigación (PGIDT).

- Axudas para o fomento da cooperación en materias de I+D (PGIDT).

- Axudas á realización de proxectos de investigación empresarial no ámbito das biotecnoloxías (PGIDT).

- Axudas á busca de novas saídas comerciais para os produtos de pesca, marisqueo e acuicultura.

- Axudas da iniciativa PEME de desenvolvemento empresarial. Programa de deseño.

- Quinto Programa Marco de Investigación e Desenvolvemento (1998-2002).

- Medidas para afronta-lo desenvolvemento da industria audiovisual - Media II (1996-2000).

- Programa de apoio á creación de empresas conxuntas transnacionais para as pemes na UE (JEV).

- Deduccións fiscais por I+D no IRPF e no IS.

• Axudas á posta en marcha

- Iniciativas locais de emprego-ILES.

- Programa Emega para o establecemento da muller como empresaria.

- Subvencións para o establecemento de novas cooperativas agrarias.

- Adquisición de novos equipos informáticos para cooperativas agrarias ou sociedades agrícolas.

- Subvencións en materia de tecnificación de empresas e creación de novos produtos turísticos.

- Incentivos rexionais. Zona de promoción económica (ZPE) de Galicia.

- Programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

- Creación de infraestructuras no lito-

ral para o desenvolvemento de actividades vinculadas ó mar.

- Prestamos subsidiados destinados ó financiamento de proxectos de investimento das Pemes.

- Programa de promoción de emprego autónomo.

- Programa de promoción de emprego autónomo das persoas con discapacidade.

- Aboamento de cotas á Seguridade Social a perceptores da prestación de desemprego.

- Apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego.

- Contratación de novo persoal en cooperativas agrarias ou sociedades agrícolas de transformación.

- Asistencia técnica relacionada con estudos de viabilidade e auditorías para cooperativas agrarias.

- Fomento de emprendedores de iniciativas empresarias. Programa Lanza.

- Incentivos á creación de emprego por reordenación do tempo de traballo.

- Incentivos ó investimento empresarial. Proxectos xeradores de emprego.

- Iniciativas de emprego rural. IER.

- Fondo de capital risco emprende.

• Axudas ó investimento

- Prestamos subsidiados para á renovación da flota galega.

- Axudas ó investimento no ámbito da acuicultura.

- Axudas para a reforma, adaptación e mellora de establecementos de turismo rural.

- Axudas para a mellora da infraestrutura hoteleira.

- Axudas para a mellora da oferta balnearia.

- Incentivos rexionais. Zona de promoción económica de Galicia.

- Concesión de avais polo Igape para a promoción de proxectos empresariais.

- Axudas á promoción exterior da empresa galega.

- Axudas á innovación empresarial.

- Prestamos subsidiados destinados ó financiamento de proxectos e investimento das pemes.

- Contratos de arrendamento financeiro destinados ós proxectos e investimento

das pemes.

- Prestamos destinados ó financiamento de proxectos de investimento para o comercio detallista.

- Iniciativa PEME de desenvolvemento empresarial. Préstamos subsidiados ó investimento.

- Medidas de estratexia para potenciar accións de emprego no sector agrario.

- Adquisición de novos equipos informáticos para cooperativas agrarias e sociedades agrícolas.

- Promoción de novas tecnoloxías en maquinaria e equipos agrarios.

- Axudas para a mellora estrutural e modernización das explotacións agrarias.

- Subvencións e materia de tecnificación de empresas e creación de novos produtos turísticos.

- Mellora da competitividade do sector téxtil e da confección.

- Axudas á mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios.

- Axudas a investimentos, estudos e xestión de residuos industriais para mellora-lo medio ambiente.

- Creación de infraestruturas no litoral para o desenvolvemento de actividades vinculadas ó mar.

- Subvención para os investimentos necesarios para a creación de establecementos de turismo rural.

- Axudas para o sector artesanal galego.

- Axudas á innovación empresarial (PGIDT).

- Axudas á innovación empresarial no sector agrario.

- Axudas á realización de proxectos de investigación empresarial en medio ambiente (PGIDT).

- Axudas á mellora dos cámpings.

- Axudas correspondentes ó Programa "Apoio a I+D industrial. Tecnoloxías industriais" (PGIDT).

- Axudas á realización de proxectos de investigación empresarial en tecnoloxías de información (PGIDT).

- Axudas para fomenta-lo uso social da lingua galega.

- Axudas á realización de proxectos de investigación empresarial no ámbito das

biotecnoloxías (PGIDT).

- Axudas de iniciativa PEME de desenvolvemento empresarial. Programa de deseño.

- Incentivos e investimento empresarial. Proxectos xeradores de emprego.

- Aboamento de cotas á Seguridade Social a perceptores da prestación de desemprego

- Fondo de capital risco Emprende.

- Prestamos do ICO para a pequena e mediana empresa.

- Deduccións fiscais por I+D no IRPF e no IS.

- Deduccións fiscais por investimentos en bens de interese cultural no IRPF e no IS.

- Deduccións fiscais por investimentos destinados á protección do medio ambiente no IRPF e no IS.

• Desenvolvemento local

- Iniciativas locais de emprego ILES.

- Axuda para a contratación de servizos públicos con empresas cualificadas de iniciativas de emprego.

• Economía social

- Subvencións para o establecemento de novas cooperativas agrarias.

- Asistencia técnica relacionada con estudos de viabilidade e auditorías para cooperativas agrarias.

- Axudas para o fomento do asociacionismo cooperativo xuvenil agrario.

- Programa de fomento de emprego en cooperativas e sociedades laborais.

- Adquisición de novos equipos informáticos para cooperativas agrarias ou sociedades agrícolas.

- Contratación de novo persoal en cooperativas agrícolas ou sociedades agrícolas de transformación.

- Axudas para a contratación de servizos públicos con empresas cualificadas de iniciativas de emprego.

• Formación

- Aboamento de cotas á Seguridade Social a perceptores da prestación de desemprego.

- Deduccións fiscais por gastos de formación profesional no IRPF e no IS.

• ILES

- Iniciativas locais de emprego ILES.

- Axudas correspondentes ó Programa "Apoio a I+D industrial. Tecnoloxías industriais" (PGIDT).

- Axudas para o fomento da cooperación en materias de I+D (PGIDT).

• Incentivos á contratación

- Axudas á contratación por conta allea.

- Axudas para o fomento dos contratos en prácticas e para a innovación tecnolóxica.

- Axudas á contratación indefinida de traballadores con discapacidade.

- Medidas de estratexia para potenciar accións de emprego no sector agrario.

- Axudas á contratación de traballadores en perigo de exclusión social.

- Apoio á substitución de traballadores (maternidade-paternidade, excedencia por coidado de familiares).

- Programa EMEGA para o establecemento da muller como empresaria.

- Programa de promoción de emprego autónomo.

- Programa de promoción de emprego autónomo das persoas con discapacidade.

- Aboamento de cotas á Seguridade Social a perceptores da prestación de desemprego.

- Apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego.

- Programa de fomento de emprego en cooperativas e sociedades laborais.

- Contratación de novo persoal en cooperativas agrarias ou sociedades agrícolas de transformación.

- Axudas á innovación empresarial no sector agrario.

- Axudas á realización de proxectos de investigación empresarial no ámbito das biotecnoloxías (PGIDT).

- Axudas para a contratación de servizos públicos con empresas cualificadas de iniciativas de emprego.

- Incentivos á creación de emprego por reanudación do tempo de traballo.

- Incentivos ó investimento de traballo. Proxectos xeradores de emprego.

- Incentivos á contratación temporal para traballadores diminuídos.

- Incentivos á contratación indefinida

que realice un autónomo.

- Incentivos á contratación de traballadores desocupados e situación de exclusión social.
- Incentivos á contratación indefinida.
- Deduccións fiscais por creación de emprego para traballadores minusválidos no IRPF e no IS.

• Industria

- Axudas á innovación empresarial.
- Axudas á calidade.
- Mellora da competitividade do sector téxtil e da confección.
- Axudas a investimentos, estudos e xestión de residuos industriais para melloralo medio ambiente.
- Axudas á innovación empresarial (PGIDT).
- Axudas correspondentes ó Programa "Apoio a I+D industrial. Tecnoloxías industriais" (PGIDT).

• Internacionalización

- Axudas á promoción exterior da empresa galega.
- Axudas á cooperación empresarial.
- Iniciativa PEME de desenvolvemento empresarial. Axudas á cooperación empresarial.
- Deduccións fiscais por actividades de exportación no IRPF e no IS.

• Medio ambiente

- Axudas a investimentos, estudos e xestión de residuos industriais para melloralo medio ambiente.
- Medidas de estratexia para potenciar acción de emprego no sector agrario.
- Axudas á realización de proxectos de investigación empresarial en medio ambiente (PGIDT).
- Axudas para o fomento de razas autóctonas en perigo de extinción.
- Axudas para a protección integrada do viñado mediante métodos biotecnolóxicos.
- Aboamento de cotas á Seguridade Social a perceptores da prestación de desemprego.
- Deduccións fiscais por investimentos destinados á protección do medio ambiente no IRPF e no IS.

• Minusválidos

- Programa de promoción de emprego autónomo das persoas con discapacidade.
- Apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego.
- Axudas á contratación indefinida de traballadores con discapacidades.
- Incentivos á contratación temporal para traballadores diminuídos.
- Aboamento de cotas á Seguridade Social a perceptores da prestación de desemprego.
- Deduccións fiscais por creación de emprego para traballadores minusválidos no IRPF e no IS.

• Muller

- Programa EMEGA para o establecemento da muller como empresaria.
- Apoio a substitución de traballadores (maternidade-paternidade, excedencia por coidado de fillos).

• Normalización do galego

- Axudas para fomentar o uso social da lingua galega.

• PEME

- Prestamos subsidiados para a renovación da flota galega.
- Axudas ás pequenas empresas, empresas artesanais e de servizos con actividades vinculadas ó mar.
- Concesión de avais polo Igape para a promoción de proxectos empresariais.
- Axudas á promoción exterior da empresa galega.
- Iniciativa PEME de desenvolvemento empresarial. Axudas á cooperación empresarial.
- Subvencións a fondo perdido para a mellora da competitividade nas empresas. Plan Pimega.
- Prestamos subsidiados destinados ó financiamento de proxectos de investimento das peles.
- Contrato de arrendamento financeiro destinado ós proxectos de investimento das peme.
- Prestamos destinados ó financiamento de proxectos de investimento para o comercio detallista.
- Prestamos subsidiados para a

ampliación de capital.

- Iniciativa PEME de desenvolvemento empresarial. Préstamos subsidiados ó investimento.

- Axudas da Iniciativa PEME de desenvolvemento empresarial. Deseño.

- Axudas á cooperación empresarial.

- Prestamos do ICO para a pequena e mediana empresa.

• Pesca

- Creación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de pesca, marisqueo e acuicultura.

- Axudas a investimentos no ámbito da acuicultura.

- Prestamos subsidiados para a renovación da flota galega.

- Axudas á busca de novas saídas comerciais para os produtos da pesca, marisqueo e acuicultura.

• Producto agroalimentario

- Promoción e comercialización de produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

- Axudas á mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios.

- Axudas para a protección integrada do viñado mediante métodos biotecnolóxicos.

• Promoción económica

- Medidas para enfronta-lo desenvolvemento da industria audiovisual-Media II (1996-2000).

• Turismo

- Creación de infraestructuras no litoral para o desenvolvemento de actividades vinculadas ó mar.

- Subvención para os investimentos necesarios para a creación de establecementos de turismo rural.

- Axudas para a reforma, adaptación e mellora de establecementos de turismo rural.

- Axudas para a mellora da infraestrutura hoteleira.

- Axudas para a mellora da oferta balnearia.

- Subvencións en materia de tecnificación de empresas e creación de novos produtos turísticos.

- Axudas á mellora dos cámpings.

3.3.- OFICINA DE TRAMITACIÓN ÚNICA DE INDUSTRIAS (OTU)

Fronte á actividade fortemente intervencionista das administracións para a regulación e a posta en funcionamento das industrias, obsérvase, dende hai anos, un decidido cambio de orientación. Co obxectivo de favorecer-la creación de riqueza e reduci-lo desemprego, considerouse que, garantida a seguridade industrial e o medio ambiente, as industrias deben ter os mínimos atrancos para a súa instalación.

Un feito importante neste sentido o constitúe o chamado decreto de liberalización industrial, aprobado por Real Decreto 2135/1980, de 26 de setembro, sobre liberalización en materia de instalación, ampliación e traslado de industrias. A novidade máis importante desta disposición foi a de esixir a autorización administrativa previa unicamente para un pequeno grupo de industrias (minería, armas explosivas, militar e estupefacientes ou psicotrópicos), axilizando enormemente o procedemento de autorización das restantes industrias.

A Xunta de Galicia, dentro do seu programa de racionalización e modernización administrativa iniciado no ano 1990 —que ten como eixos fundamentais o achegamento ó cidadán e a simplificación dos seus procedementos para facer unha administración máis áxil e dinámica—, e ante as demandas formuladas pola Confederación de Empresarios de Galicia, procedeu á análise da situación na que se atopaban as autorizacións administrativas dos establecementos industriais.

Dentro da análise realizada púidose constatar que os procedementos das autorizacións daquelas industrias, fundamentalmente de servizos, que non realizaban actividades de transformación de produtos era aceptable, incluso nalgúns casos —empresas de transportes—, boas; a dificultade xurdía naqueles establecementos que, pola súa

actividade marcadamente industrial, necesitaban un número superior de autorizacións administrativas e padecían un procedemento máis complexo.

Tendo en conta esta situación, e sen prexuízo de máis adiante afrontar a racionalización para a creación de empresas de calquera tipo, procedeuse a planificalas estratexias que serían máis axeitadas para simplificarla posta en funcionamento dos establecementos industriais propiamente ditos.

As actuacións realizadas dirixíronse fundamentalmente ós seguintes aspectos :

- **Organizativos:** creación dunha unidade en cada provincia e outra en servizos centrais encargada da tramitación destas industrias para toda a Xunta de Galicia. A denominación desta unidade é Oficina de Tramitación Única de Industrias (OTU).

- **Tipo de industrias:** clasificación, unicamente a efectos de esixencia de documentación e autorizacións, de seis tipos diferentes de industrias:

- Industrias agrarias.
- Establecementos de alimentación
- Establecementos de cultivos mariños e auxiliares.
- Empresas de servizos industriais.
- Establecementos industriais.
- Industrias de produción, transformación, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Para cada tipo de industria elaborouse unha carpetiña coas solicitudes das autorizacións que poden plantexarse e a documentación a aportar en cada caso (engádesse como anexo ó remate deste apartado).

- **Procedemento de coordinación:** Establécese un procedemento novo para a tramitación da información pública que afecte a varios procedementos administrativos.

- **Simplificación do procedemento de autorizacións industriais:** Circunscibindo as autorizacións industriais que non necesiten autorización previa á presentación dos certificados dos técnicos competentes.

• **Obxecto e finalidade da OTU.-**

Unha das maiores problemáticas á que tiña que enfrentarse o particular que quixera proceder á posta en funcionamento dun establecemento industrial era a de coñecer as autorizacións a formular. O entramado administrativo sobre esta materia é tan amplo que moitas veces unha persoa allea á administración perdíase no número de autorizacións que necesitaba. De feito, ten pasado que o industrial, con toda a súa boa vontade, pese ó seu interese por ter totalmente legalizado o seu establecemento, atopábase con que pasado o tempo había algunha instalación que non tiña a autorización correspondente.

En tódolos casos, para obter as autorizacións dunha industria, atopábase con que tiña que realizar unha longa peregrinaxe por varias dependencias da Xunta de Galicia para presentalas correspondentes solicitudes e, a continuación, tiña que facelo mesmo se quería saber o seu estado de tramitación.

Ante esta situación, e co obxecto fundamental de tratar de modificala, créase a Oficina de Tramitación Única de Industrias, que, como se di no artigo primeiro do Decreto 223/1998, do 24 de xullo, de creación da oficina, ten como funcións: a información e o asesoramento en materia de creación de industrias, este apartado referido non só á Xunta de Galicia, senón, en xeral, a tódolos requisitos que unha industria necesite para ser autorizada; recepción das solicitudes referidas ás autorizacións que sexan competencia desta administración autonómica, independentemente da consellería competente para conceder cada autorización; impulso de tódolos expedientes incoados, a fin de axilizar a tramitación e chegar canto antes á resolución definitiva.

Adscrita esta oficina á Consellería de Industria e Comercio, o obxectivo fundamental é que o industrial que pretenda poñer en funcionamento unha nova industria ou trasladar ou ampliar un establecemento industrial xa existente, teña, dentro da Xunta de Galicia, un único interlocutor para informarlle, para recibirlas súas solicitudes e para

darlle coñecemento, en cada momento, da situación na que se atopa a tramitación de tódolos expedientes incoados.

• ***Procedementos de racionalización para axiliza-la tramitación.-***

A existencia da OTU implica que sexa a unidade da Xunta de Galicia encargada da relación do particular-industrial coa Xunta de Galicia; por tanto, da recepción e seguimento de tódalas solicitudes formuladas para cada industria. En base a isto, a oficina, unha vez recibida a documentación correspondente, procederá a remitir a cada unidade as solicitudes para as que é competente para a súa tramitación.

Cando nos diversos procedementos incoados para cada industria sexa necesario proceder a información pública dun ou máis deles, e a diferenza do que ocorría anteriormente, realizarase esta información pública unha soa vez e para tódolos procedementos afectados, evitando a situación anterior en que cada unidade facía pola súa conta este trámite, co que a situación era que o mes de información pública dun procedemento realizábase despois dos quince días doutros e así indefinidamente.

Esta falla de coordinación das diferentes autorizacións dunha mesma industria implicaba, xa só referido a este trámite de información pública, a dilatación no tempo das autorizacións administrativas.

• ***Racionalización do procedemento de autorizacións de establecementos industriais propiamente ditos.-***

O procedemento de autorizacións de establecementos industriais propiamente ditos, é dicir, aquel que se refire á industria como tal e ás autorizacións das instalacións industriais (aparells elevadores, auga quente, aparellos a presión, etc), como xa se dixo, simplificouse sustancialmente co Real Decreto 2135/1980, de 26 de setembro, de liberalización de industrias.

Coa división de industrias que requiren autorización previa e as que non, que son as maioritarias, simplificou neste último

caso o procedemento sensiblemente. Así, o particular-industrial presentará ante o órgano administrativo correspondente proxecto redactado e asinado por técnico competente e visado polo colexio oficial. A administración terá un mes para face-las aclaracións que considere; de non facelo, entenderase que non existe inconveniente para a execución do proxecto. A posta en funcionamento non requirirá outro requisito que a comunicación á administración da certificación expedida por técnico competente, na que se poña de manifesto a adaptación da obra ó proxecto e o cumprimento das condicións técnicas.

A administración autonómica, analizando a actuación a seguir que se sinala no apartado anterior, e vendo a aportación que significaba cada trámite, e sempre coa idea de simplificar ó máximo posible os procesos de autorizacións industriais e causa-los menores atrancos ó particular-industrial, estimou que era suficiente coa parte final do procedemento, é dicir, a aportación unicamente dos certificados asinados por técnicos competentes de que as instalacións e a industria cumprían coas condicións técnicas e as prescricións regulamentarias correspondentes, acompañados, en caso de que fora necesario, do proxecto das instalacións.

• ***Organismos coadxuvantes da Administración por medio da OTU en materia de autorización de empresas.-***

O achegamento ó cidadán nunha materia tan importante como é a creación de industrias estimouse que debería se-lo máis amplo posible, sobre todo tendo en conta a existencia de organizacións vinculadas a profesionais deste sector, con capacidade organizativa contrastada e medios suficientes para poder facer fronte a unha estreita colaboración coa administración nesta materia.

Neste sentido, e realizadas reunións previas con estas asociacións e corporacións representativas do sector industrial, o Goberno galego aprobou o Decreto 22/1999, de 5 de febreiro, que regula o procedemento para habilitación das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación e da Con-

federación de Empresarios de Galicia como instrumentos coadjuvantes da Oficina de Tramitación Única de Industrias.

Mediante a firma dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as ditas entidades, estas quedan habilitadas para exercer funcións de información e asesoramento en materia de creación de industrias e para a recepción de solicitudes e demais documentación relativa á posta en funcionamento de novas industrias ou traslado ou ampliación de establecementos industriais xa existentes.

A recepción das solicitudes e documentación por parte destas entidades habilitadas terá carácter oficial para tódolos efectos. A tal fin estableceuse unha conexión informática que permite rexistralas solicitudes e introducir na base de datos da OTU correspondente (a vinculación será coa OTU da provincia respectiva) as características da instalación e a documentación presentada, co que a administración coñecerá inmediatamente a solicitude formulada, remitindo posteriormente a documentación física para a tramitación que sexa necesaria.

A habilitación como instrumento coadjuvante da OTU aporta as seguintes vantaxes ás entidades:

- Informar e asesorar ós industriais interesados das actuacións que é necesario realizar para poder poñer en funcionamento un establecemento industrial.

- Apoio por parte da Xunta de Galicia para resolver as dúbidas que se podan plantexar coas solicitudes ou documentación a presentar.

- Recepción das solicitudes e da documentación relativas á industria, evitando o desprazamento do particular á sede do órgano administrativo.

- Información da situación da tramitación dos expedientes administrativos incoados para a autorización da industria, igual que no caso anterior, sen desprazamento.

• Perspectivas de futuro para o proxecto OTU.-

Partindo da idea de que a posta en funcionamento dunha industria implica non só varias autorizacións de carácter autonómico, senón tamén a actuación de varias administracións (local e estatal), estase a tratar de integrar dentro do proxecto OTU a actuación destas outras administracións.

Unha vez conseguida a integración da actividade da administración autonómica nunha mesma oficina e a colaboración cas entidades de carácter asociativo e representativo do sector industrial, o seguinte paso que se pretende dar implicaría ter integrada nunha mesma oficina toda a actuación das administracións públicas.

Difícil resulta a participación da administración local, por canto non se fala dunha soa administración senón de 315, as que se corresponden con cada un dos concellos de Galicia. Ademais, as autorizacións dos concellos, que son previas ás restantes autorizacións e referidas, fundamentalmente, ó apartado urbanístico, están sometidas á existencia de planificación urbanística, solo industrial, etc., o que complica un pouco máis a súa integración no proxecto. Non obstante, considérase imprescindible a participación da administración local e, polo tanto, estudarase a forma de posibilitala súa integración.

Con respecto á administración do Estado, xa se estableceron contactos tanto coa Axencia Tributaria como coa Secretaría de Estado para a Seguridade Social ó obxecto de que as materias competencia destes organismos (declaración de inicio de actividades, obtención do NIF e alta no IAE para a primeira e obtención do código de conta de cotización e alta de traballadores para a segunda) podan ser incorporadas á xestión encomendada á oficina OTU.

A realidade deste proxecto foi posible gracias á utilización das novas tecnoloxías da información, que permiten a comunicación entre tódalas unidades afectadas. Destaca neste sentido a existencia do Sistema

de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) da Xunta de Galicia, que, contendo tódolos procedementos a instancia de parte da administración autonómica, foi un elemento imprescindible para o avance do proxecto e para a súa continuación.

Análise comparada da OTU coas OGUs (Oficinas de Gestió Unificada) catalanas

Este último apartado do punto 3.3.- ten como obxectivo presenta-la actuación e procedemento das Oficinas de Gestió Unificada (OGU) catalanas, así como as principais diferenzas coa OTU galega.

A Lei 13/1989, de 14 de decembro, de organización, procedemento e réxime xurídico da administración da Generalitat de Cataluña establece (art.70) que por decreto do goberno catalán se poden crear tantas oficinas de xestión unificada como procedementos complexos que se establezan e así o aconselle o volume ou a incidencia económica e social daqueles. O decreto de creación ha de regula-lo procedemento e as normas de funcionamento da oficina de xestión unificada.

Os efectos daquela lei, enténdese por procedemento complexo aquel no que, por disposición legal ou regulamentaria, han de intervir órganos de diversos departamentos.

As OGUs han de informar ós particulares sobre os trámites que, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso, se teñen que seguir nos procedementos que determinarán a súa creación.

Na relación con aqueles procedementos, as oficinas de xestión unificada exercen a función de oficina de rexistro, encárganse do seguimento dos expedientes e proporcionan información ós interesados. Substitúen, tamén, ós órganos tradicionais de xestión se o decreto de creación non dispuxo outra cousa.

O decreto de creación dunha oficina de xestión unificada indica que ten que esta-

blecerse sen merma das garantías dos particulares, as normas de procedemento que tentan coordinar e axiliza-las actuacións concorrentes dos diferentes órganos que teñen que intervir no proceso e que pertencen á Administración da Generalitat.

En Cataluña o regulamento do proceso de creación e procedemento das OGU está recollido en 3 decretos, 2 de creación e un de procedemento. No que á creación se refire, en Cataluña os decretos de creación son o 191/1990, de 30 de xuño, polo que se crea a OGU para o ámbito territorial das comarcas pertencentes á circunscrición de Barcelona, que se completa co Decreto 81/1992, de 20 de xaneiro, polo que se crean as oficinas de Girona, Lleida e Tarragona.

Respecto ó procedemento administrativo, o decreto catalán (Decret 156/1991, de 17 de xuño, que regula o procedemento administrativo para a instalación, ampliación e traslado de industrias con intervención das OGU para establecementos industriais) afecta ás industrias que non requiren autorización administrativa, distinguindo entre dous grupos de industrias. Por un lado, industrias de tipo A, que son aquelas industrias para as que, de maneira simultánea, o valor da maquinaria e as instalacións ou a súa variación sexa inferior a 25 millóns de pesetas, e o número de traballadores ou a súa variación non sexa superior a 10, e a potencia instalada ou a súa variación non supere os 20kW. As industrias de tipo B serán aquelas que non cumpren algunha das condicións que establece o anterior tipo de industrias.

En Galicia, a diferenza do acontecido en Cataluña, existe un só decreto no que se regula tanto a creación como o procedemento das Oficinas de Tramitación Única. Trala creación das OTU (Decreto 223/1998, do 24 de xullo) existen seis oficinas situadas na Secretaría Xeral de Industria e Comercio en Santiago, e nas delegacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Unha diferenza significativa con respecto ó caso catalán é o decreto 22/1999, do 5 de febreiro, da Xunta de Galicia, que regula o procedemento para a habilitación das cáma-

Cadro 3.4.1.**Taxas por servicios administrativos da Xunta de Galicia**

		(pesetas)
Inscripción en rexistros oficiais		1.000
Empresas operadoras, de servicios técnicos e comercializadoras		
	Autorizacións	25.000
Salóns recreativos		
	Solicitud de informe de instalación	10.000
	Autorización de apertura	40.000
Bingos		
	Solicitud de informe de instalación	20.000
	Autorización de instalación	25.000
	Autorización de apertura, atendendo á súa categoría segundo a súa capacidade	
	Terceira categoría (ata 200 xogadores)	100.000
	Segunda categoría (entre 201 e 400 xogadores)	125.000
	Primeira categoría (entre 401 e 600 xogadores)	150.000
	Categoría especial (entre 601 e 800 xogadores)	250.000
Empresas de servicios de explotación de bingos		
	Autorizacións	100.000
Acreditacións profesionais		
	Autorizacións	1.000
Casinos		
	Autorización de instalación	300.000
	Autorización de apertura	500.000
	Acreditacións profesionais	
	Autorización	5.000
Boletos		
	Autorización de explotación	500.000
	Autorización de distribución de boletos	300.000
Rifas, tómbolas e combinacións aleatorias		
	Autorización de explotación	10.000
Actuacións en materia de pesca, marisqueo e acuicultura		
	Expedición de permisos de explotación.	
	A pé	1.000
	Desde embarcación segundo tonelaxe de rexistro bruto.	
	0,10 TRB a 2,50 TRB	2.000
	2,51 TRB a 5,00 TRB	3.000
	5,01 TRB a 10,00 TRB	5.000
	10,01 TRB	7.000

Fonte: Xunta de Galicia, Decreto legislativo 1/1992 (D.O.G. 112, 12.6.92 e rectificación no D.O.G. 138, 17.7.92)

ras oficiais de Comercio, Industria e Navegación e das confederacións de empresarios de Galicia, como instrumentos coadjuvantes das Oficinas de Tramitación Única de industrias.

Respecto ás diferencias no caso do procedemento administrativo, pódese salientar, por unha banda, que en Galicia o decreto afecta tanto ás industrias que requiren autorización administrativa previa como ás que non o necesitan. Por outra, respecto ás industrias que non necesitan autorización administrativa previa, aquí non se fai a mencionada diferenza entre industria A e B establecida en Cataluña.

En ámbolos dous casos, estas oficinas de tramitación ou xestión única están

adscritas á Consellería (Departament) de Industria.

3.4.- Custos administrativos da actividade emprendedora

O obxectivo deste apartado é facer unha aproximación ós custos administrativos ós que se ten que enfrenta-lo emprendedor á hora de comenza-la súa actividade. Para analiza-los custos é necesario ter en conta tanto a Lei 13/1991, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma e o Decreto Legislativo 11-4-1992, núm.1/1992, como as distintas normativas municipais (a modo de exemplo, reflíc-

Cadro 3.4.2.a

Taxas por servizos profesionais da Xunta de Galicia

(pesetas)

Inscripción no rexistro industrial e/ou autorización de funcionamento	
Base de aplicación: importe da maquinaria e instalacións:	
Ata 50.000	1.100
De 50.001 ata 125.000	2.200
De 125.001 ata 250.000	3.580
De 250.001 ata 500.000	5.250
De 500.001 ata 1.250.000	7.150
De 1.250.001 ata 2.500.000	9.350
De 2.500.001 ata 5.000.000	12.100
De 5.000.001 ata 7.500.000	15.400
De 7.500.001 ata 10.000.000	19.000
Por cada millón ou fracción de exceso ata 1.000 millóns	500
Por cada millón ou fracción que exceda de 1.000 millóns	100
En caso de denegación de inscrición devengarase o 50% da tarifa anterior.	
Otorgamentos, rehabilitación, prórroga, visado ou modificación de autorizacións en materia de transportes mecánicos, de viaxeiros e mercadorías por estrada	
Autorización ou rehabilitación	2.500
Autorización especial para circulación relativa ó art. 220 do Código de Circulación (RCL 1934\1688 e NDL 5320)	5.000
Autorización especial de circulación relativa ó art. 222 do Código de Circulación	2.500
Autorización para servizos regulares de uso especial de transporte de escolares e traballadores (reiteración de itinerarios con vehículos discrecionalis)	2.500
Actuacións en materia de ordenación en industrias agrarias e pesqueiras	
Instalación de novas industrias ou ampliación das existentes. Base de aplicación: capital de instalación ou aplicación	
Ata 500.000 ptas.	5.500
Desde 500.001 a 1.500.000 ptas.	8.200
De 1.500.001 a 3.000.000 de ptas.	11.000
Por cada 1.000.000 máis ou fracción	1.550
Actuacións en materia de fomento, defensa e mellora da produción agrícola	
Inscripción no rexistro de produtores e distribuidores de produtos e material fitosanitario	2.000
Inscripción no rexistro de maquinaria agrícola. Maquinaria nova (base: precio de compra)	
Ata 500.000 ptas.	0,25%
Resto	0,20%
Inscripción no rexistro provisional de produtores de planta de viveiro	2.000
Ocupacións e autorización de cultivos agrícolas en terrenos forestais	
Por demarcación ou señalamiento do terreo	
Ata 20 ha (cada ha.)	120
Restantes ha. (cada ha)	70
Mínimo	10.000
Autorización de centros de inseminación artificial ou de paradas de sementais e revisión anual de animais aloxados nos devanditos centros	
Por autorización do centro	10.000
Por autorización de parada de sementais	1.500
Autorización e revisión de núcleos zoolóxicos, centros con animais de experimentación e centros de equitación	
Por autorización	5.000
Expedición de autorizacións sanitarias para obras de nova construción ou reforma locais, instalacións, industrias, actividades e espectáculos públicos	
Expedición de autorización sanitaria de funcionamento.	
Presupostos de ata 10.000.000	10.000
Presupostos de 10.000.001 a 100.000.000	15.000
Presupostos de máis de 100.000.000	20.000
Autorización de centros servizos e establecementos sanitarios	
Autorización administrativa sanitaria previa:	
Fase de estudio e informe do proxecto antes de autoriza-las obras de creación, construción, modificación ou adaptación:	
Hospitals e balnearios	25.000
Servizos sanitarios hospitalarios	20.000
Servizos de transporte sanitario	15.000
Resto dos centros, servizos e establecementos sanitarios	10.000
Autorización de apertura e posta en funcionamento:	
Fase de visita de inspección, unha vez rematadas as obras e instalado o equipamento e emisión do informe previo ó permiso para a súa apertura	10.000

Segue na páxina seguinte

Cadro 3.4.2.b

Ven da páxina anterior

Entidades de seguro libre de asistencia sanitaria	
Autorización e inscrición no rexistro: fase de estudo e informe da solicitude antes de concede-la autorización para poder actuar na Comunicade Autónoma	15.000
Fase de inspección, control, vixilancia e tutela e intervención das actividades sanitarias das entidades trala autorización correspondente.	2 por mil trimestral do importe das primas satisfeitas polos asegurados ás entidades.
Acreditación de centros para a práctica legal da interrupción voluntaria do embarazo	20.000
Autorización dos centros sanitarios extractores e transplantadores de órganos.	
Comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos para a autorización e acreditación correspondente	20.000
Actividades de control de centros, servizos e establecementos sanitarios	5.000
Autorización e comprobación de extintores de incendios	3.500
(Esta cantidade incrementarase en 1.000 ptas por cada grupo de 10 extintores ou fracción)	
Xeradores de vapor e recipientes a presión	
Da tarifa da inscrición no rexistro industrial e/ou autorización de funcionamento	100%
Autorización de instalacións de distribución eléctrica	
Da tarifa da inscrición no rexistro industrial e/ou autorización de funcionamento	150%
Autorización de instalacións eléctricas receptores e de instalacións interiores de auga	
Da tarifa da inscrición no rexistro industrial e/ou autorización de funcionamento	90%
Autorización de instalacións eléctricas en locais de pública concurrencia	
Da tarifa da inscrición no rexistro industrial e/ou autorización de funcionamento	150%
Instalacións de climatización, frigoríficas e de gas.	
Da tarifa da inscrición no rexistro industrial e/ou autorización de funcionamento	100%
Inscrición, autorización e posta en marcha de instalacións minerais e de pozos.	
Da tarifa da inscrición no rexistro industrial e/ou autorización de funcionamento	150%
Tramitación de expedientes en materia de dereitos mineiros.	
Rectificacións, amojoramiento divisións e agrupacións de demarcacións existentes.	
a) Permisos de exploración.	
Polas primeiras 300 cuadrículas	160.000
Por cada unha das restantes	200
b) Permisos de investigación.	
Pola primeira cuadrícula	160.000
Por cada unha das restantes	200
c) Concesión de explotación derivada de permiso de investigación.	
Polas primeiras 50 cuadrículas	160.000
Por cada unha das restantes	3.000
d) Concesión de explotación directa.	
Polas primeiras 50 cuadrículas	200.000
Por cada unha das restantes	3.000
e) Perímetros de protección de augas minerais.	
Pola primeira cuadrícula	160.000
Por cada unha das restantes	3.000
(No caso de non admitirse a solicitude se devolve íntegro e no caso de admitirse a solicitude e non adxudicarse se devolve ó 50% da tarifa anterior)	
Actividade de control do medio ambiente atmosférico e residuos tóxicos e peligrosos (RTP):	
Autorización de produtor de RTP	30.000
Autorización de pequenos produtores de RTP	15.000
Autorización de xestor de RTP sobre tarifa da inscrición no rexistro industrial e/ou autorización de funcionamento	150%

Fonte: Xunta de Galicia, Decreto legislativo 1/1992 (D.O.G. 112, 12.6.92 e rectificación no D.O.G. 138, 17.7.92)

Cadro 3.4.3.**Ordenanzas fiscais do Concello de Santiago, con efectos dende 1 de xaneiro de 2000**

Taxes pola expedición de documentos administrativos		(pesetas)
Para os demais informes urbanísticos		1.050
Pola tramitación das licencias de obras de edificación		1 por mil do importe do proxecto, cun mínimo de 525 ptas.
Taxes pola licenza de apertura		(%)
No caso de se tratar de locais afectos que tributen no IAE por cota provincial ou nacional, a base imponible estará constituída pola débeda tributaria do IAE ponderada pola aplicación dos seguintes coeficientes de acordo coa categoría da rúa onde se encontren emprazados		
Categoría 1ª		2,30
Categoría 2ª A		2,10
Categoría 2ª B		1,60
Categoría 3ª		1,70
Categoría 4ª		1,30
Categoría 5ª		1,05
Categoría 6ª		1,00
Taxes pola utilización privativa de postos de venda, depósitos de xénero e pola prestación do servizo demercado de abastos		(pesetas)
	coantiamensual	licencia anual
Carnes e despoños, produtos e derivados cárnicos elaborados	2.700	16.450
Aves, ovos e caza	2.050	11.900
Pescados, mariscos e derivados	2.050	11.900
Pan, pastelería confitería, produtos lácteos e derivados	1.750	6.400
Productos textiles, confeccións para o fogar, alfombras e artigos de tapicería e similares	3.475	15.100
Artigos de xoiería, relojería, pratería, bisutería	1.750	6.400
Froitas, verduras, hortalizas, tubérculos e flores	1.200	5.225

Fonte: Concello de Santiago de Compostela, Ordenanzas fiscais (B.O.P. 299, 31.12.99)

tense os datos do concello de Santiago).

• **Normativa autonómica.-**

O devandito Decreto Legislativo 11-4-1992, núm.1/1992 sinala que son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia os tributos creados por lei e percibidos polos órganos da Administración, entes ou organismos autónomos dependentes daquela como contraprestación pola entrega de bens ou prestación de servizos nos que o suministro sexa de competencia exclusiva dos mesmos e nos que a demanda ou recepción teña carácter obrigatorio para o suxeito pasivo.

Os efectos previstos no apartado anterior enténdese que a demanda ou recepción ten carácter obrigatorio para o suxeito pasivo cando, conforme a unha disposición legal ou reglamentaria, se impoña a súa solicitude ou ésta constitúe condición previa para realizar calquera actividade ou obter dereitos ou efectos xurídicos determinados.

Pódese distinguir, principalmente, entre taxas por servizos administrativos e

taxas por servizos profesionais. No primeiro caso, constitúe feito imponible da taxa por servizos administrativos a realización por parte dos órganos da Administración, entes de dereito público, con personalidade xurídica propia, que por lei teñan que axustar a súa actividade ó ordenamento xurídico privado, e organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, dos servizos administrativos relativos a autorizacións, inscrición en rexistros e certificacións, que afecten ou beneficien dun modo particular ós suxeitos pasivos.

O **cadro 3.4.1.** recolle algunhas das taxas que hai que pagar para desenvolver unha actividade emprendedora.

No concernente ás taxas por servizos profesionais, constitúe feito imponible a prestación por parte dos órganos da Administración, entes de dereito público con personalidade xurídica propia, que por lei teñan que axustar a súa actividade ó ordenamento xurídico privado, e organismos autónomos

da Comunidade Autónoma de Galicia, dos servizos profesionais que afecten ou beneficien dun modo particular ós suxeitos pasivos. (Ver **cadro 3.4.2.**, onde se recollen algunhas das taxas por servizos profesionais).

• **Normativa municipal.-**

Xunto á normativa autonómica, as persoas que queren desenvolver unha actividade emprendedora terán que cumprir unha serie de ordenanzas fiscais municipais. Tomando como exemplo o concello de Santiago, o **cadro 3.4.3.** recolle algunhas das medidas das ordenanzas de ingresos públicos referidas ás taxas pola expedición de documentos administrativos; taxas pola licenza de apertura de establecementos; ou taxas pola utilización privativa dos postos de venda, depósitos de xénero e pola presentación do servizo de mercado de abastos.

3.5.- Guía práctica para a creación de empresas

A Dirección Xeral de Formación e Emprego realizou unha “Guía práctica para a creación de empresas”, actualizada ó 30 de abril do ano 2000, onde se recollen os aspectos fundamentais relacionados coa formación da empresa. O obxectivo deste capítulo é presenta-la estrutura e os aspectos principais da información recollida no CD que se adxunta.

O esquema desta “Guía” está baseado en oito conxuntos ou entidades de información, que son: Elección de forma xurídica; Forma xurídica/Actividades económicas; Trámites; Obrigas; Organismos; Documentos; Incentivos; e, finalmente, Contratos.

• **Elección de forma xurídica.-**

Mediante un cuestionario dinámico, permite identifica-la forma xurídica máis axeitada en función de determinados parámetros: número de promotores, volume de investimento, nivel de responsabilidade, actividade económica desenvolvida, etc.

• **Formas xurídicas/Actividades económicas.-**

Presenta unha compilación das características, normativa, vantaxes e inconvenientes, etc., das formas xurídicas máis habituais. O sistema permite escoller, tamén, a actividade económica da nova empresa a fin de poder informar, no seu caso, sobre os trámites e obrigas específicas.

Esta sección está estruturada en sete grandes puntos como son a “Descrición” a grandes trazos a forma xurídica seleccionada; as referencias legais relativas á forma xurídica e, no seu caso, actividade económica seleccionada (“Normativa”) así como unha “Valoración” das vantaxes e inconvenientes da forma seleccionada e un “Estatuto tipo” para a constitución, no seu caso, da forma xurídica seleccionada. En quinto lugar presenta unha serie de indicacións sobre a cronoloxía e a realización dos trámites de constitución e, no seu caso, da posta en marcha da actividade económica de que se trate. Finalmente, permite enlazar automaticamente con outras dúas entidades ou carpetas: Trámites e Obrigas.

• **Trámites.-**

Recole unha compilación dos diferentes trámites asociados á constitución ou posta en marcha dunha nova empresa. Ó entrar nesta entidade ou carpeta dende Formas xurídicas / Actividades económicas, os trámites que mostra o sistema son, precisamente, os correspondentes á Forma xurídica / Actividade económica seleccionada.

Esta sección presenta unha descrición do trámite seleccionado, así como referencias ás normativas legais aplicables, prazos temporais para realízalo trámite seleccionado, e indicacións relativas ós organismos ante os que se debe realízalo trámite e os documentos necesarios para o mesmo. Ademais, enlaza automaticamente con outras dúas carpetas: Organismos e Documentos.

• **Obrigas.-**

Compilación das diferentes obrigas permanentes no tempo asociadas ó funcionamento dunha empresa. Ó entrar nesta carpeta dende Formas xurídicas/Actividades económicas, as obrigas que mostra o siste-

ma son, precisamente, as correspondentes á Forma xurídica/Actividade económica seleccionada.

A estrutura deste apartado é similar á mencionada anteriormente: Descrición, normativa, prazos, observacións, xestión organismos e xestión documentos, permitindo enlazar automaticamente con outras dúas carpetas: Organismos e Documentos.

• **Organismos.-**

De cada organismo o sistema inclúe información relativa ó enderezo, teléfono, fax, etc., así como indicacións prácticas, no seu caso, sobre os mesmos. Estes datos pódense seleccionar e copiar para introducirlos no Directorio persoal.

• **Documentos.-**

Descrición e, nos casos máis significativos, reprodución dixitalizada dos documentos necesarios para realizar trámites e obrigas, solicitar axudas ou formalizar contratos laborais.

• **Incentivos.-**

Compilación dos incentivos ou axudas máis significativas relativas á posta en marcha de novas empresas ou consolidación das existentes. Evidentemente, por razóns de espacio, trátase dunha selección. Enlaza automaticamente con outras dúas carpetas: Organismos e Documentos.

Nos diferentes apartados desta carpeta, pódense consulta-los tipos de institucións, empresas ou persoas que poden gozar do incentivo seleccionado, así como as referencias legais relativas ó incentivo seleccionado, características e prazos temporais para solicita-lo incentivo. Recolle tamén indicacións relativas ós organismos ante os que se debe solicita-lo incentivo e á utilización dos documentos necesarios para a solicitude.

• **Contratos.-**

Compilación dos diferentes contratos laborais en vigor: características, referencias legais, prazos para formalizalos, así como indicacións sobre a utilización dos documentos necesarios para formaliza-lo contrato

laboral seleccionado. Enlaza automaticamente con outra carpeta: Documentos.■